

45 SEMANA DE CINE LUGO



XUNTA
DE GALICIA

galicia



GALICIA
DIGITAL
o portal de Galicia para o mundo

ASOCIACIÓN
PENITENCIARIA
CONCEPCION
ARENAL LUGO



ACHÁDEGO
TEATRO



GADIS

Río
DE GALICIA

ASOCIACION
EMPRESARIOS
MONUMENTAL
LUGO

festhome

click
FESTIVALS

Allentum

ADVM
AUDIOVISUAL
MEDIA

DO 18 AO 23 DE SETEMBRO DE 2023

SEDES E SALAS

AUDITORIO “GUSTAVO FREIRE”
SALÓN DE ACTOS SEDE XUNTA DE GALICIA
SALÓN DE ACTOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL
BIBLIOTECA PROVINCIAL DE LUGO
VELLO CÁRCERE

ORGANIZA

GRUPO FOTOCINEMATOGRAFICO FONMIÑÁ

PATROCINAN

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
CONCELLO DE LUGO
XUNTA DE GALICIA
UNED LUGO

COLABORAN

GALICIADIXITAL.COM
LUGO MONUMENTAL
ACHÁDEGO TEATRO
GADIS
LENCE
FESTHOME
CLICK FOR FESTIVALS
ALLETUM
A.D.V.M. AUDIOVISUAL MEDIA
AUXILIA LUGO
ASPNAIS

C O M I T É D E H O N R A

Sr. D. ALFONSO RUEDA VALENZUELA
Presidente da Xunta de Galicia

Sra. D^a. LARA MÉNDEZ LÓPEZ
Alcaldesa do Concello de Lugo

Sr. D. JOSÉ TOMÉ ROCA
Presidente da Deputación Provincial de Lugo

Sr. D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ
Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Sra. D^a. TAREIXA FERREIRO TALLÓN
Concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.

Sra. D^a. IRIA CASTRO FERNÁNDEZ
Delegada de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico
e Normalización Lingüística da Deputación Provincial

Sra. D^a ANA BELÉN TRASEIRA PENA
Directora do Centro Uned Lugo

Sr. D. XULIO XIZ RAMIL
Presidente do Grupo Fotocinematográfico “FONMIÑÁ”

**COMITÉ ORGANIZADOR, PROGRAMACIÓN, SELECCIÓN,
COMUNICACIÓN, GABINETE TÉCNICO E COORDINACIÓN**

MANUEL CURIEL FERNÁNDEZ

JOSÉ MANUEL GUIASOLA ESCUDERO

XULIO XIZ RAMIL

EDUARDO RODRÍGUEZ OCHOA

JUAN JOSÉ ARIAS GARCÍA

TEXTOS E TRADUCIÓNS

ELENA IRAVEDRA RIVAS

HÉCTOR PARDO ÁLVAREZ

ANIMACIÓN

GRUPO DE TEATRO ACHÁDEGO

CARTEL

JOSÉ GIL RODANDO EN LUGO (AGOSTO DE 1914)

**WEB, FACEBOOK, TWITTER,
INSTAGRAM, E OUTRAS REDES**

GALICIADIGITAL

AUDIOVISUAIS

A.D.V.M. Audiovisual Media

PRODUCCIÓN E LOXÍSTICA

ALLENMUM

SEDE SOCIAL E PRENSA

Concepción Arenal, 63-entrechán. LUGO

Tfno: 982 243 719



www.semanadecinedelugo.com

www.fonmiña.es

<https://www.facebook.com/semanacineautorlugo/>

fonmina@galiciadigital.com

secilug@gmail.com



O U T R A S A C T I V I D A D E S

Os lugares e horas de celebración das distintas conferencias, debates cinematográficos e presentacións serán anunciadas a través da Oficina de Prensa a todos os medios informativos e redes sociais.

A MELLOR PELÍCULA da Sección Oficial (Auditorio), As curtas tamén son cine (Vello Cárcere) e Cine Galego (Vello Cárcere) serán elixidas polo público asistente a través das papeletas de votación que se entregarán á entrada de cada sala. O resto dos Premios serán outorgados polo Xurado de Fonmiñá.

A asistencia e presentación dalgunha das películas que participan na Semana de Cine por parte dos seus directores, equipo técnico ou artístico, estará pendente do momento laboral que poidan atopar nesas datas cada un deles.

P R E Z O S D A S E N T R A D A S

Infantil (Auditorio)	2,00 euros
O mellor do ano: (Auditorio).	3,00 euros
Sección Oficial (Auditorio).	3,00 euros

A entrada nas restantes sedes será libre e de balde ata completar a cabaída logo de retirar a correspondente invitación na páxina que se indicará oportunamente.



Agradecementos:

*FONMIÑÁ e a SEMANA DE CINE DE LUGO
queren agradecer a todas aquelas persoas,
entidades e firmas comerciais que colaboraron
dalgún xeito na súa organización e a todos os
produtores, distribuidores e directores que pre-
sentan as súas películas na 45 edición.*

XLV Semana de Cine

As colleitas dos nosos campos dependen da natureza e do traballo do labrego; de imponderables climáticos que as modernas técnicas poden chegar a facer previsibles, e do coñecemento e esforzos de profesionais de excelente capacitación que poñen a alma no seu labor.

As colleitas que recollemos nas Semanas de Cine que desde hai corenta e catro anos celebramos en Lugo responderán a imponderables non climáticos difíciles de determinar, a cuestións económicas e sociais, e ao coñecemento, esforzos e acertos de innumerables persoas.

E hai anos en que parecen concitarse favorablemente todos os elementos, e aparecen colleitas como as que podemos ofrecer aos lucenses nesta Semana, segundo a opinión dos entendidos -cinéfilos ao fin- que seleccionaron a programación.

Para Fonmiñá é unha honra presentar esta programación aos lucenses amadores do cine (presentes e futuros), convidándoos a desfrutar do que sabemos vai ser produto para degustadores intelixentes e experimentados.

Abrimos as portas da edición XLV da Semana de Cine, coa ilusión de sempre e unha experiencia longa, que nos capacita, se non para producir unha colleita xeitosa, para desfrutar coa calidade dos filmes que a compoñen e propiciar o gozo de todos os que respondan á nosa chamada.

Xulio Xiz
Presidente de Fonmiñá

A FOTOGRAFÍA DA PRIMEIRA FILMACIÓN CINEMATOGRÁFICA REALIZADA EN LUGO POR JOSÉ GIL

José Gil foi un pioneiro do cinematógrafo en Galicia que, con escasísimos medios e sen apenas colaboración institucional, levou a cabo un meritorio traballo no mundo do documental, recollendo coa súa cámara diferentes aspectos de Galicia e acontecementos notables. José Gil foi director, produtor, montador e técnico de todas as súas películas, ademais de fotógrafo de mérito, afinador de pianos, inventor e representante oficial da casa Ford para toda Galicia.

Nado en Rubiós, concello de As Neves, na provincia de Pontevedra, o 3 de abril de 1870 no seo dunha familia pobre, foi quen de labrarse un próspero futuro dun xeito autodidacta.

Gil comeza a súa actividade profesional como fotógrafo e, ao pouco tempo, xa conta cun estudio fotográfico propio que non tarda en ser un dos máis acreditados de Galicia, ao tempo que o seu traballo é recoñecido con importantes premios.

En 1910, Gil comeza a súa actividade cinematográfica, eido no que vai ser un pioneiro en Galicia en múltiples aspectos, pois a el se deben os primeiros filmes publicitarios, as películas familiares de recordo ou os documentais para a emigración. Ademais, foi o autor do primeiro filme de ficción realizado en Galicia, *Miss Ledy*, no que traballa Alfonso Rodríguez Castelao.

Pero tamén Gil é o creador das primeiras produtoras galegas (Cinematografía Gil, Galicia Films e Galicia Cinegráfica, a cal sobrevive ata 1935) nas que inviste todo o seu patrimonio, polo que é o artifice do primeiro “cine rexional galego.”

Tamén foi un dos primeiros en reivindicar o mercado iberoamericano para o cine español, ademais de impulsar o primeiro noticioso de Galicia (Revista Cinematográfica de Galicia) no ano 1916. Foi tamén mérito seu o de realizar a primeira filmación dun partido de fútbol na nosa terra.

Gil compaxina toda esta inxente actividade cinematográfica coa súa profesión de fotógrafo e de representante en exclusiva da casa Ford para Galicia, empresa automobilística da que chegou a ser un dos seus principais vendedores.

Gil en Lugo

A primeira referencia que temos de Gil en Lugo remóntase a 1904. A comezos de marzo dese ano, a prensa local informa da súa chegada á cidade para expoñer nos escaparates de La Favorita e do Sr. Paz una mostra da súa obra fotográfica. Despois de permanecer aproximadamente dez días en Lugo, con gran éxito de clientela, Gil regresa a Ourense. Dous meses máis tarde, volve á cidade amurallada cos encargos realizados, que chaman extraordinariamente a atención e reciben calorosos eloxios por parte da prensa, pois Gil domina á perfección o que se deu en chamar o pictoricismo fotográfico. Non sabemos o que dura esta segunda estada en Lugo, pero unha terceira visita témola rexistrada en decembro.

A imaxe da filmación na Muralla

Dez anos despois, José Gil regresa novamente a Lugo acompañado de Jaime Solá, director de *Vida Gallega*, revista da que Gil era reporteiro gráfico. Faino o 26 de xuño de 1914 e, ao chegar á ponte romana, vendo a pendente da costa da Viña, Solá pregunta: «*Podremos con la cuesta?*», ao que Gil resposta imperturbable: «*El Ford... no retrocede...*». Gil aproveita a súa estada en Lugo para realizar unha exposición fotográfica no Círculo de las Artes que será inaugurada a finais do mes de xuño, uns días antes da chegada da infanta Cristina á nosa cidade, e moi eloxiada tanto pola prensa como pola infanta. Días despois, abandona Lugo para regresar novamente o 13 de agosto coa intención de filmar unha película da nosa cidade; unha película que constitúe o primeiro filme rodado en Lugo, e que nos vai deixar unha icónica imaxe dun *travelling* sobre a Muralla, concretamente á altura da rúa dos Clérigos, que é a imaxe do cartel

da Semana de Cine deste ano, que acada a súa 45 edición. A rodaxe deste documental comeza na mañá do 16 de agosto de 1914 cunhas tomas do paseo dos Cantóns e da saída de misa de doce da catedral. Pola tarde, filma outro paseo, pero esta vez na Muralla, e varios lugares das ribeiras do río Miño. Non parece que estas filmacións –insistimos que as primeiras que se realizaban na nosa cidade– provocasen moita expectación entre os lucenses, pois os xornais locais non fixeron ningún comentario ao respecto. Só *El Progreso*, ao día seguinte, que o traballo cinematográfico de Gil «*entretuvo un rato a las gentes impresionando en los jardines de la Plaza cintas cinematográficas*».

Estaba previsto que esta película se proxectase no Lugo-Salón pero, que nós saibamos, endexamais chegou a estrearse na nosa cidade e o seu paradoxo é hoxe unha incógnita, aínda que coidamos que se perdeu, como case toda a inxente filmografía de José Gil. Afortunadamente, conservamos a icónica foto na que se recolle a actividade deste pioneiro da cinematografía galega en Lugo.

Nesta foto, podemos ver un primeiro plano dun Ford, conducido por Antonio Fontela, representante desta casa de automóviles en Lugo, e a José Gil filmando cunha cámara sobre un trípode. Polo que respecta aos outros persoaxes, sospeitamos que un deles é Jaime Solá, director de *Vida Gallega* que, con frecuencia, acompañaba a Gil nas súas viaxes.

Esta foto –supoñemos que tomada por Enrique Saraiba, cuñado e axudante de Gil no seu estudo fotográfico de Vigo– fíxose na tarde do 16 de agosto de 1914 e constitúe un importante documento gráfico, testemuño da primeira filmación realizada en Lugo, un evento que non deixa de ser todo un acontecemento histórico. Mágoa que non se conserven estas películas realizadas por Gil, pois así poderíamos ver como era a nosa cidade a comezos do século XX.

Fernando Arribas Arias

HORA	TÍTULO	SALA	CICLO	PÁX.
17:00h.	ESTRELLAS DEL DESIERTO	VELLO CÁRCERE	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	80
17:00h.	L'HERITAGE	VELLO CÁRCERE	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	80
17:00h.	NO ES "DEPRE", ES DEPRESIÓN	VELLO CÁRCERE	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	81
17:00h.	PEQUEÑA SOLEDAD	VELLO CÁRCERE	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	81
17:00h.	8 MM DE DISTANCIA	VELLO CÁRCERE	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	79
17:00h.	DESAMOR	VELLO CÁRCERE	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	79
18:00h	EN BUSCA DEL MAPA PERDIDO	AUDITORIO	INFANTIL	23
18:00h.	CHICHI E MAIS EU	DEPUTACIÓN	DOCUMENTAL	55
19:00h.	0+10	VELLO CÁRCERE	CINE GALEGO	103
19:00h.	A MALETA DE EVA	VELLO CÁRCERE	CINE GALEGO	103
19:00h.	ALICIA FAI COUSAS	VELLO CÁRCERE	CINE GALEGO	104
19:00h.	AMOR VIAXEIRO	VELLO CÁRCERE	CINE GALEGO	104
19:00h.	CARA NO RECONOCIDA...	VELLO CÁRCERE	CINE GALEGO	105
19:00h.	MARTÍN	VELLO CÁRCERE	CINE GALEGO	105
19:00h.	DRAG A2	VELLO CÁRCERE	CINE GALEGO	106
20:00h.	AMOR SIN BARRERAS	DEPUTACIÓN	HOMENAXE (AUXILIA)	65
20:00h.	PAPÁ	DEPUTACIÓN	HOMENAXE (AUXILIA)	67
20:00h.	RAÚL	DEPUTACIÓN	HOMENAXE (AUXILIA)	65
20:00h.	INVICTUS	DEPUTACIÓN	HOMENAXE (AUXILIA)	66
20:00h.	LA VIDA ENTRE DOS NOCHES	DEPUTACIÓN	HOMENAXE (AUXILIA)	67
22:00h.	TECTÓNICA DE PLACAS	AUDITORIO	O MELLOR... (OF.)	39
22:00h.	THE QUIET GIRL	AUDITORIO	OFICIAL	47

HORA	TÍTULO	SALA	CICLO	PÁX.
17:00h.	PHONORAMA	VELLO CÁRCERE	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	82
17:00h.	RANDA 1976	VELLO CÁRCERE	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	83
17:00h.	VOLTE FACE	VELLO CÁRCERE	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	84
17:00h.	PITANGO	VELLO CÁRCERE	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	82
17:00h.	SKALA	VELLO CÁRCERE	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	83
17:00h.	STAINS	VELLO CÁRCERE	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	84
18:00h	EL PRINCIPIITO	AUDITORIO	INFANTIL	25
18:00h.	LA MEMORIA DEL CINE	DEPUTACIÓN	DOCUMENTAL	56
18:00h.	JÁ NADA SEI	BIBLIOTECA PROVINCIAL	PORTUGAL	127
18:00h.	ELOXIO DA DISTANCIA	SALÓN ACTOS XUNTA	RETROSPECTIVA IRMÁNS COIRA	139
19:00h.	CANDO O TEMPO ACABE	VELLO CÁRCERE	CINE GALEGO	107
19:00h.	COMPAÑEIROS	VELLO CÁRCERE	CINE GALEGO	107
19:00h.	EFECTOS SECUNDARIOS	VELLO CÁRCERE	CINE GALEGO	108
19:00h.	ESCOLA SECUNDARIA DE TERROR	VELLO CÁRCERE	CINE GALEGO	108
19:00h.	SANDWICH CAT	VELLO CÁRCERE	CINE GALEGO	109
19:00h.	A RABIA	VELLO CÁRCERE	CINE GALEGO	110
19:00h.	LONXE DA CASA	VELLO CÁRCERE	CINE GALEGO	110
20:00h.	CARDOÑA.FOTOS A 7 PESETAS	DEPUTACIÓN	HOMENAXE (FOTO OLIVER)	69
20:00h.	18 COMIDAS	SALÓN ACTOS XUNTA	RETROSPECTIVA IRMÁNS COIRA	140
20:30h.	LA BALLENA	AUDITORIO	O MELLOR DO ANO	32
22:30h.	TAP TAP	AUDITORIO	O MELLOR... (OF.)	40
22:30h.	EL CAFTÁN AZUL	AUDITORIO	OFICIAL	48

HORA	TÍTULO	SALA	CICLO	PÁX.
17:00h.	FLUYE	VELLO CÁRCERE	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	86
17:00h.	HACE MUCHO QUE QUERÍA...	VELLO CÁRCERE	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	88
17:00h.	FUERZA MATERNAL	VELLO CÁRCERE	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	86
17:00h.	HÁBITAT	VELLO CÁRCERE	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	87
17:00h.	EL OTRO	VELLO CÁRCERE	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	85
17:00h.	ENERO DEL 66	VELLO CÁRCERE	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	85
17:00h.	HABIBI	VELLO CÁRCERE	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	87
18:00h	EL SECRETO DE VICKY	AUDITORIO	INFANTIL	26
18:00h.	MIA MOGLIE	DEPUTACIÓN	DOCUMENTAL	57
18:00h.	NO SE OYE	DEPUTACIÓN	DOCUMENTAL	58
18:00h.	XEOSÓNICA	DEPUTACIÓN	DOCUMENTAL	59
18:00h.	VIDAS NA FRONTEIRA	BIBLIOTECA PROVINCIAL	PORTUGAL	128
18:00h.	A SEARA	SALÓN ACTOS XUNTA	RETROSPECTIVA IRMÁNS COIRA	141
18:00h.	ORILLA	DEPUTACIÓN	DOCUMENTAL	59
19:00h.	MADIA LEVA	VELLO CÁRCERE	CINE GALEGO	111
19:00h.	MALLA	VELLO CÁRCERE	CINE GALEGO	111
19:00h.	MARIVI, NA PEL DA MEMORIA	VELLO CÁRCERE	CINE GALEGO	112
19:00h.	MORRIÑA	VELLO CÁRCERE	CINE GALEGO	113
19:00h.	MORTE E O MEU AVÓ	VELLO CÁRCERE	CINE GALEGO	114
19:00h.	NENA	VELLO CÁRCERE	CINE GALEGO	114
20:00h.	DELICIOSO	DEPUTACIÓN	HOMENAXE (E PARA COMER,,)	71
20:00h.	JOSE LUIS ESPINOSA, O ESPÍA	BIBLIOTECA PROVINCIAL	PORTUGAL	129
20:00h.	EROSKI PARAÍSO	SALÓN ACTOS XUNTA	RETROSPECTIVA IRMÁNS COIRA	142
20:30h.	UN SEGUNDO	AUDITORIO	O MELLOR DO ANO	33
22:30h.	7 DOSIS DE DOPAMINA	AUDITORIO	O MELLOR... (OF.)	41
22:30h.	EL ACONTECIMIENTO	AUDITORIO	OFICIAL	49

HORA	TÍTULO	SALA	CICLO	PÁX.
17:00h.	LA RAMPA	VELLO CÁRCERE	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	91
17:00h.	HONDARRAK	VELLO CÁRCERE	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	89
17:00h.	IAGO Y TRISTÁN	VELLO CÁRCERE	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	89
17:00h.	LA CAJERA	VELLO CÁRCERE	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	90
17:00h.	LENTEJAS	VELLO CÁRCERE	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	92
17:00h.	MADRES CAMIONERAS	VELLO CÁRCERE	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	93
18:00h	HOOPER, EL POLLO LIEBRE	AUDITORIO	INFANTIL	27
18:00h	BEIRAS. VIVIR 2 VECES	SALÓN ACTOS XUNTA	RETROSPECTIVA IRMÁNS COIRA	143
18:00h.	BIENVENIDO A MA MAISON	DEPUTACIÓN	DOCUMENTAL	60
18:00h.	A RAIÁ	BIBLIOTECA PROVINCIAL	PORTUGAL	130
18:00h.	O AMOR É AUGA QUE CORRE	BIBLIOTECA PROVINCIAL	PORTUGAL	130
18:00h.	AUGA NAS GUELRAS	BIBLIOTECA PROVINCIAL	PORTUGAL	131
18:00h.	AMOREIRAS	BIBLIOTECA PROVINCIAL	PORTUGAL	132
18:00h.	NOS ACOMPAÑAMOS	DEPUTACIÓN	DOCUMENTAL	60
18:00h.	A MUÑECA DE KAFKA	BIBLIOTECA PROVINCIAL	PORTUGAL	133
19:00h.	O CRISTO DA AGONÍA	VELLO CÁRCERE	CINE GALEGO	115
19:00h.	O NENO SARDIÑA	VELLO CÁRCERE	CINE GALEGO	115
19:00h.	O QUE TIRAS AO MAR	VELLO CÁRCERE	CINE GALEGO	116
19:00h.	OLLAR O MONTE VERDE	VELLO CÁRCERE	CINE GALEGO	116
19:00h.	PSICODUCHA	VELLO CÁRCERE	CINE GALEGO	117
19:00h.	OS VESTIXIOS	VELLO CÁRCERE	CINE GALEGO	117
20:00h.	EL AMIGO AMERICANO	DEPUTACIÓN	HOMENAXE (FAI 45 ANOS)	73
20:00h.	ANTICLÍMAX	BIBLIOTECA PROVINCIAL	PORTUGAL	134
20:00h.	DIÁSPORA	BIBLIOTECA PROVINCIAL	PORTUGAL	135
20:00h.	EL MONO	BIBLIOTECA PROVINCIAL	PORTUGAL	134
20:00h.	CÓDIGO EMPERADOR	SALÓN ACTOS XUNTA	RETROSPECTIVA IRMÁNS COIRA	144
20:30h.	CLOSE	AUDITORIO	O MELLOR DO ANO	34
22:30h.	ROBOTS	AUDITORIO	O MELLOR... (OF.)	42
22:30h.	EMPIEZA EL BAILE	AUDITORIO	OFICIAL	50

HORA	TÍTULO	SALA	CICLO	PÁX.
17:00h.	MADRESELVA	VELLO CÁRCERE	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	94
17:00h.	MESA PARA 3	VELLO CÁRCERE	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	94
17:00h.	MI CRIATURITA	VELLO CÁRCERE	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	95
17:00h.	OTRO DÍA MÁS	VELLO CÁRCERE	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	96
17:00h.	POCOS BUENOS Y SEGUROS	VELLO CÁRCERE	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	96
17:00h.	OSITO	VELLO CÁRCERE	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	95
18:00h	UNA AMISTAD PARA SIEMPRE	AUDITORIO	INFANTIL	28
18:00h.	ESTRAGOS DEL LIENZO	DEPUTACIÓN	DOCUMENTAL	61
18:00h.	ELEXIA DE ATACAMA	DEPUTACIÓN	DOCUMENTAL	62
18:00h.	A COSTA DOS LANÇADOS	BIBLIOTECA PROVINCIAL	PORTUGAL	136
18:00h.	CHOMÓN EL INCOHERENTE	DEPUTACIÓN	DOCUMENTAL	61
19:00h.	PUNTOS SUSPENSIVOS	VELLO CÁRCERE	CINE GALEGO	118
19:00h.	QUEN SON?	VELLO CÁRCERE	CINE GALEGO	118
19:00h.	A ROSA INCANDESCENTE	VELLO CÁRCERE	CINE GALEGO	119
19:00h.	SOLPOR	VELLO CÁRCERE	CINE GALEGO	119
19:00h.	DODO	VELLO CÁRCERE	CINE GALEGO	120
19:00h.	SOMNIA	VELLO CÁRCERE	CINE GALEGO	120
20:00h.	CELAVELLA NA HABANA	DEPUTACIÓN	HOMENAXE (IRMÁNS COIRA)	75
20:30h.	AFTERSUN	AUDITORIO	O MELLOR DO ANO	35
22:30h.	SOLIDARITY DAY	AUDITORIO	O MELLOR... (OF.)	43
22:30h.	HASTA QUE EL AMOR NOS SEPARE	AUDITORIO	OFICIAL	51

HORA	TÍTULO	SALA	CICLO	PÁX.
17:00h.	TXOTXONGILOA	VELLO CÁRCERE	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	99
17:00h.	NI A SOL NI A SOMBRA	VELLO CÁRCERE	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	97
17:00h.	TU TIJERA EN MI OREJA	VELLO CÁRCERE	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	97
17:00h.	LAS VISITANTES	VELLO CÁRCERE	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	99
17:00h.	EL CRÉDITO	VELLO CÁRCERE	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	100
17:00h.	NUNCA PENSÉ	VELLO CÁRCERE	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	100
17:00h.	TWERKING	VELLO CÁRCERE	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	98
18:00h	OINK OINK	AUDITORIO	INFANTIL	29
19:00h.	ÁGAPE	VELLO CÁRCERE	CINE GALEGO	122
19:00h.	VERBAS E MEMORIA...	VELLO CÁRCERE	CINE GALEGO	122
19:00h.	PORTAS	VELLO CÁRCERE	CINE GALEGO	123
19:00h.	ULISES	VELLO CÁRCERE	CINE GALEGO	121
20:30h.	EO	AUDITORIO	O MELLOR DO ANO	36
22:30h.	CALXOPHOBIA	AUDITORIO	O MELLOR... (OF.)	44
22:30h.	CUANDO LA ALONDRA CANTA	AUDITORIO	OFICIAL	52





SECCIÓN INFANTIL

Auditorio Gustavo Freire - 18.00 h.



EN BUSCA DEL MAPA PERDIDO

Bélxica, 2022

Duración: 90 minutos

Director: Douglas Boswell

Guión: Wouter Van Haver

Reparto: Nathan Naenen, Britt Scholte, Carry Goossens, Koen De Bouw, Nora Gharib

Música: Steve Willaert

Fotografía: Reinier Van Bruemen

Productoras: Eyeworks Film & TV Drama

Cando Benxamin, un adicto á tecnoloxía, herda un baúl de obxectos antigos do seu desaparecido pai, descobre un atlas que pertenceu ao cartógrafo Mercator. A reaparición do libro esperta o interese de misteriosos inimigos que non se deterán ante nada para facerse con el.

Luns
18
18.00 h.

SECCIÓN INFANTIL
Auditorio Gustavo Fréire

EL PRINCIPIITO

O principiño cumpre 80 anos.

O principiño é considerado como un dos mellores libros de todos os tempos e como un clásico contemporáneo da literatura universal. Debido ao seu estilo sinxelo e directo, é considerado un libro para nenos, pero o seu carácter reflexivo sobre a vida, a sociedade e o amor convérteno nunha narración de interese para todas as idades, pois agocha leccións de vida útiles para os máis maiores. Escrita polo aviaador e escritor Antoine de Saint-Exupéry mentres servía como piloto militar desde Nova York, é unha das obras emblemáticas da literatura francesa. A admiración por este relato, en aparencia sinxelo, non se diluíu, e aínda hoxe véndense cinco millóns de exemplares cada ano. Unha novela curta de apenas 120 páxinas que é admirada por lectores de todas as idades e lugares do mundo.

Foi publicado orixinalmente en inglés nos Estados Unidos pola editorial neiorquina Reynal & Hitchcock o 6 de abril de 1943 (o día 20 do mesmo mes en francés), hai agora 80 anos. Non sería ata 1946, e tras o falecemento de Saint-Exupéry nun accidente de avioneta en 1944, cando a editorial Gallimard puidese publicar o libro nunha Europa xa liberada do nazismo.

Narra a inocente historia dun neno que vive nun mundo separado da realidade. O personaxe do neno permite que o libro conteña esa riqueza filosófica que o converte nunha novela atemporal e digna de ler. No texto, a infancia reivindicase como territorio no que recuperar o esencial e, sobre ela, o pequeno *Principiño* razoa mentres viaxa a través de planetas facendo novos amigos. A novela, cun número de exemplares vendidos que resulta hoxe en día incalculable, é o segundo libro máis traducido do mundo tras a Biblia. A última tradución oficial fíxose en 2022 ao dialecto sefardí do haketia, o cal eleva o número total a 500. A primeira edición en español foi a arxentina, de 1951. *O principiño* pódese ler en friulano, romanche, ladino, palatino, quechua, konkani, esperanto, veneciano, occitano languedociano, aragonés, vasco, galego, catalán e asturiano (bable).

LolodeC

**Premios:**

2016: Premios Annie:
Mellor música

2015: Premios César:
Mellor filme de animación

2015: Festival de Cannes:
Sección oficial longametraxes
(fóra de concurso)

EL PRINCIPITO

Francia, 2015 - Animación

Duración: 106 minutos

Director: Mark Osborne

Guión: Irena Brignull, Bob Persichetti.

Novela: Antoine de Saint Exupéry

Música: Richard Harvey, Hans Zimmer

Produtoras: Onyx Films, Orange Studio,
M6 Films

Para que todo saia ben na prestixiosa Academia Werth, a pequena e a súa nai múdanse a unha casa nova. A pequena é moi seria e madura para a súa idade e planea estudar durante as vacacións seguindo un estrito programa organizado pola súa nai; pero os seus plans son perturbados por un veciño excéntrico e xeneroso. El ensinalle un mundo extraordinario onde todo é posible. Un mundo no que o Aviador se topou algunha vez co misterioso Principiño. Entón comeza a aventura da pequena no universo do Principiño. E así descobre novamente a súa infancia e comprenderá que só se ve ben co corazón. O esencial é invisible aos ollos. Conta coas voces (en versión inglesa) de James Franco, Rachel McAdams, Marion Cotillard, Jeff Bridges, Benicio del Toro, Mackenzie Foy e Paul Giamatti.

Mércores

20

18.00 h.

SECCIÓN INFANTIL
Auditorio Gustavo Fréire

EL SECRETO DE VICKY

Francia, 2021

Duración: 84 minutos

Director: Denis Imbert

Guión: Mathieu Oullion,
Denis Imbert, Stéphanie Vasseur

Reparto: Vincent Elbaz, Shanna Keil,
Marie Gillain, Tchéky Karyo

Música: Armand Amar

Fotografía: Fabrizio Fontemaggi

Productoras: Radar Films,
Solar Entertainment, Auvergne Rhône-Alpes
Cinéma, OCS, Ciné+, Gaumont, Entourage
Pictures, Angoa-Agicoa, CNC

Stéphane decide mudarse a unha bonita rexión montañosa do centro de Francia para retomar a relación coa súa filla de 8 anos, Vitoria, que perdeu a fala desde que morreu a súa nai. Durante un paseo polo bosque, un pastor regálalle á nena un cachorro chamado Mystère. Con este agasallo, a nena empeza a abrirse ao exterior. Pero, deseguido, Stéphane descobre que o cachorro é en realidade un lobo... A pesar das advertencias e do perigo da situación, a Stéphane non lle queda máis remedio que separar a súa filla desta bóla de pelo, en aparencia inofensiva.





HOOPER, EL POLLO LIEBRE

Bélgica, 2022 - Animación

Duración: 91 minutos

Dirección: Ben Stassen, Benjamin Mousquet

Guión: David Collard

Productoras: Coproducción

Bélgica-Francia; Octopolis,

Wave Pictures, Dark Horse Comics

Conta a historia de Hopper, que naceu metade pito e metade lebre e foi adoptado polo Rei Pedro, un famoso aventureiro. Ansioso por ser aceptado a pesar das súas diferenzas, Hopper embárcase nunha emocionante aventura xunto co seu fiel servente Abe, unha tartaruga sarcástica, e Meg, unha mofeta intrépida experta en artes marciais, na procura da cobizada reliquia coñecida como o Hámster da Escuridade. Os tres enfróntanse a todo un reto ao teren que chegar antes que Lapin, un vilán cuxa recente fuga do cárcere ameaza a paz do reino.

Xoves

21

18.00 h.

SECCIÓN INFANTIL
Auditorio Gustavo Fréire

Venres

22

18.00 h.

SECCIÓN INFANTIL
Auditorio Gustavo Freire

UNA AMISTAD PARA SIEMPRE

Rusia, 2021

Duración: 110 minutos

Director: Aleksandr Domogarov

Guión: Ekaterina Mavromatis,
Aleksandr Domogarov


Reparto: Liliya, Viktor Dobronravov,
Pavel Maykov, Evgeniya Dmitrieva,
Yelena Anisimova

Música: Konstantin Kupriyanov,
Dmitriy Noskov, Ivan Burliaev

Fotografía: Sergey Dyshuk, Evgeniy Muratov

Produtoras: Demarsh-Film, Mars Media
Entertainment

Palm, un pastor alemán, é abandonado no aeroporto polo seu dono. Alí coñece a Kolya, de nove anos, cuxa nai acaba de falecer, deixándoo cun pai que apenas coñece. Película baseada en feitos reais que tiveron lugar no Aeroporto Internacional de Moscova en 1977.





Premios

2022: *European Film Awards:*
Nominated for Best Animated Film

2022: *Festival de Sitges:*
Nominada Mellor película de animación

OINK OINK

Países Baixos (Holanda), 2022 - Animación

Duración: 72 minutos

Director: Mascha Halberstad

Guión: Fiona van Heemstra.

Libro: Tosca Menten

Fotografía: Peter Masfelt

Produtoras: Coproducción Países Bajos
(Holanda)-Bélgica; A Private View,
Viking Film

Cando Babs, unha nena de 9 anos, recibe un porquiño chamado Oink como agasallo por parte do seu avó, convence os seus pais de quedar con el coa condición de que siga un adestramento para cachorros. O porquiño cambiará a súa vida e a de todos na súa familia ata que as cousas empezan a complicarse de maneira inesperada cando Babs descobre que os seus pais non son a maior ameaza para Oink.

Sábado

23


18.00 h.

SECCIÓN INFANTIL
Auditorio Gustavo Fréire



O MELLOR DO ANO

Auditorio Gustavo Freire - 20.30 h.



Premios:

2021: *Festival de San Sebastián: Sección oficial (filme inaugural)*

UN SEGUNDO

China, 2020

Duración: 104 minutos

Director: Zhang Yimou

Guión: Zhang Yimou, Jingzhi Zou.

Novela: Yan Geling

Reparto: Yi Zhang, Fan Wei, Liu Haocun, Yu Ailei, Li Xiaochuan, Yan Li; Liu Yunlog, Riu Cao

Música: Lao Zai

Fotografía: Zhao Xiaoding

Produtoras: Coproducción China-Hong Kong; Huanxi Media Group, Edko Films

Un convicto é enviado a un campo de traballo no desolado noroeste da China durante a Revolución Cultural do país. Utilizando o seu enxeño, e co único fin de ver a súa filla, quen foi filmada nunha película, logra escapar e foxe en dirección ao cinema dunha vila próxima. Alí espera atopar esa cinta de película e facerse con ela. Con todo, no devandito lugar crúzase cunha vagabunda desesperada por conseguir o mesmo carrete de película e que logra rouballo. Curiosamente, este enigmático obxecto, que ambos anhelan por motivos moi distintos, converterase na raíz dunha inesperada amizade.

Mércores

20

20.30 h.

O MELHOR DO ANO
Auditorio Gustavo Fréire

Xoves

21

20.30 h.

O MELHOR DO ANO
Auditorio Gustavo Freire

CLOSE

Bélgica, 2022

Duración: 104 minutos

Dirección: Lukas Dhont

Guión: Lukas Dhont, Angelo Tijssens


Reparto: Eden Dambrine, Gustav De Waele, Emilie Dequenne, Léa Drucker, Igor Van Dessel

Música: Valentin Hadjadj

Fotografía: Frank van den Eeden

Produtoras: Coproducción Bέλxica-Francia-Países Baixos (Holanda); Menuet Producties, Diaphana Distribution, Topkapi Films, Versus Productions

Léo e Rémi, de 13 anos, son amigos de toda a vida. Ata que un suceso impensable os separa. Léo achégase entón a Sophie, a nai de Rémi, para tratar de entender.



Premios:

2022: Premios Oscar:
Nominada a mellor película internacional

2022: Festival de Cannes:
Gran Premio do Xurado (ex aequo)

2022: Globos de Oro:
Nominada a mellor película de fala non inglesa

2022: Premios del Cine Europeo:
5 nominacións, incluíndo Mellor película

2022: Premios César:
Nominada a mellor película estranxeira

2022: National Board of Review (NBR):
Mellor película estranxeira



Premios:

2022: Premios Oscar:
Nominada a mellor actor (Paul Mescal)

2022: Premios BAFTA:
Mellor debut. 4 nominacións,
incl. mellor filme británico

2022: National Board of Review (NBR):
Mellor dirección novel e Top películas do ano

2022: Premios do Cine Europeo:
Nominado a Mellor actor (Paul Mescal)

2022: Circulo de Criticos de Nueva York:
Mellor ópera prima

2022: Critics Choice Awards:
Nominada a mellor Guión orixinal,
actor e intérprete novo

AFTERSUN

Reino Unido, 2022

Duración: 98 minutos

Director: Charlotte Wells

Guión: Charlotte Wells

Reparto: Paul Mescal, Francesca Corio,
Celia Rowilson-Hall, Kayleigh Coleman,
Kayleigh Coleman, Harry Perdios

Sophie, de 11 anos, vaise de vacacións de verán a Turquía co seu amoroso e idealista pai, Calum. Vinte anos despois, lembra a experiencia e reflexiona sobre a súa relación e as partes del que non puido coñecer.

Venres
22
20.30 h.

O MELHOR DO ANO
Auditorio Gustavo Fréire

Sábado

23

20.30 h.

O MELLOR DO ANO
Auditorio Gustavo Fréire

EO

Polonia, 2022

Duración: 86 minutos

Dirección: Jerzy Skolimowski

Guión: Jerzy Skolimowski, Eva Piaskowska


Reparto: Sandra Drzymalska,
Lorenzo Zurzolo, Mateusz Kosiukiewicz,
Mateusz Kosiukiewicz, Tomasz Organek,
Saverio Fabbri, Lolita Chammah

Música: Pawel Mykietyn

Fotografía: Michal Dymek

Productoras: Coproducción Polonia-Italia;
Skopia Film, Alia Film. Productor:
Jerzy Skolimowski

O mundo é un lugar misterioso, sobre todo visto a través dos ollos dun animal. No seu camiño, EO, un asno gris de ollos melancólicos, atópase con boa xente e outra non tan boa, coñece a alegría e a pena, e a roda da fortuna transforma, segundo o momento, a súa boa sorte en desastre, e a súa desgraza en felicidade inesperada. Pero nunca, en ningún momento, perderá a inocencia.



Premios:

2022: Premios Oscar:

Nominada a mellor película internacional

2022: Festival de Cannes: Premio do Xurado

2022: National Board of Review (NBR):
Top películas estranxeiras do ano

2022: Circulo de Criticos de Nova York:
Mellor filme estranxeiro

2022: Asociación de Criticos de Los Angeles:
Mellor film estranxeiro e fotografía


2022: Premios del Cine Europeo:
Premio European University Film
e mellor música



O MELLOR DO ANO

CURTAMETRAXES **OFICIAL**

Auditorio Gustavo Freire - 22.00 h. / 22.30 h.



TECTÓNICA DE PLACAS

España, Galicia, 2022

Duración: 3 minutos

Directores: Miguel Casaseca, Clara Coira

Reparto: Christian Toimil, Pablo Fernández

Pablo e Christian volven a casa despois dunha noite de festa en Lugo. Christian lembra un TikTok que lle fixo pensar en que debería facer máis caso a quen non creu nel.

Luns
18
22.00 h.

O MELLOR DO ANO - CURTAMETRAJES (OFICIAL)
Auditorio Gustavo Fréire



7 DOSIS DE DOPAMINA

España, 2022

Duración: 3 minutos

Directora: Virginia Rodríguez

Reparto: María Garralón, Virginia Rodríguez, Elisa Hipólito, Chloé Manhattan, Fernando Ustarraz, Pablo Rivero

Cres no amor a primeira vista ou pensas que o amor é simplemente unha cuestión científica? Acompaña a Alex e Marta ao longo das súas dúbidas, as súas etapas, teorías, risas, discusións. Unha historia de dopamina que dura 3 minutos. Unha historia de amor que dura toda a vida.

Mércores

20

22.30 h.

O MELHOR DO ANO - CURTAMETRAXES (OFICIAL)
Auditorio Gustavo Fréire

Xoves

21

22.30 h.

O MELLOR DO ANO - CURTAMETRAXES (OFICIAL)
Auditorio Gustavo Fréire


ROBOTS


España, 2022

Duración: 3 minutos

Reperto: Luis Manuel Gimeno, Cesar Tormo, Marco Rodríguez, Leyre Rodríguez, Conrado Martínez, Vicente Tormo, Juan José Rodríguez, Laia Martínez, Javier Rodríguez, Sandra Martínez

Unha banda de músicos interpreta con rixidez o popular pasodobre *Amparito Roca* baixo a batuta dun tirano director que os menospreza pola súa falta de sensibilidade. Un suceso extraordinario nesta situación de aparencia cotiá dará unha volta de porca para mostrarse baixo a luz do humor absurdo.





SOLIDARITY DAY

España, 2022

Duración: 5 minutos

Director: Gabriel Lugigo López

Reparto: Pepe Ruiz, Carmen Santamarina

Luisi mi debe facer un labor social para a súa empresa durante o *Solidarity Day*. Ocorréselle convidar a cear á súa casa ao esmoleiro da esquina.

Venres
22
22.30 h.

O MELLOR DO ANO - CURTAMETRAJES (OFICIAL)
Auditorio Gustavo Fréire

Sábado

23

22.30 h.

O MELHOR DO ANO - CURTAMETRAXES (OFICIAL)
Auditorio Gustavo Freire

CALXOPHOBIA

Alemania, 2022

Duración: 4 minutos

Director: Dave Lojek

Reparto: Evellina Puustinn

Helen sofre dun raro medo ao xiz. Un día sintese invadida por varias figuras de xiz en Helsinqui e decide enfrontarse ao seu medo. No museo Amos Rex, descobre as obras de Keith Haring e adapta o seu estilo ás súas necesidades de catarse.





SECCIÓN OFICIAL

Auditorio Gustavo Freire - 22.00 h. / 22.30 h.



Premios:

2022: Premios Oscar:

Nominada a mellor película internacional

2022: Premios BAFTA:

Nominada a mellor Guión adapt. e película de fala no inglesa

2022: Premios do Cine Europeo:

Mellor fotografía

2022: Festival de Berlín: Generation Kplus:

Oso de Cristal (mellor película)

2022: Festival de Valladolid - Seminci:

3 premios, incluíndo Espiga de Prata

2022: Satellite Awards:

Nominada a mellor película internacional

THE QUIET GIRL

Irlanda, 2022

Duración: 95 minutos

Dirección: Colm Bairéad

Guión: Colm Bairéad. Historia: Claire Keegan

Reparto: Catherine Clinch, Carrie Crowley, Andrew Bennett, Michael Patric, Kate Nic Chonaonaigh, Carolyn Bracken, Joan Sheehy.

Música: Stephen Rennicks

Fotografía: Kate McCullough

Produtoras: Inscéal, Broadcasting Authority of Ireland, TG4, Fis Éireann/Screen, Screen Ireland

A Irlanda rural, 1981. Cáit é unha reservada nena de nove anos que está desatendida por parte da súa pobre, disfuncional e demasiado numerosa familia. Enfróntase en silencio a dificultades na escola e en casa, e aprende a pasar desapercibida para todos cantos a rodean. Cando chega o verán e se achega a data do parto da súa nai, Cáit é enviada a vivir cuns parentes afastados. Sen saber cando volverá á casa, queda no fogar duns descoñecidos sen máis pertenzas que a roupa que leva posta. Aos poucos, e grazas aos cuidados da familia Kinsella, Cáit realiza notables progresos e descobre unha nova forma de vivir. Pero nesta casa onde reina o afecto e non parece haber segredos, ela descobre unha dolorosa verdade.

Luns
18
22.00 h.

SECCIÓN OFICIAL
Auditorio Gustavo Fréire

Martes

19

22.30 h.

SECCIÓN OFICIAL
Auditorio Gustavo Fréire

EL CAFTÁN AZUL

Marrocos, 2022

Duración: 122 minutos

Director: Maryam Touzani

Guión: Maryam Touzani, Nabil Ayouch

Reparto: Saleh Bakri, Lubna Azabal, Aoub Messiou

Música: Kristian Eidnes Andersen

Fotografía: Virginie Surdej

Productoras: Coproducción Marrocos-Francia-Bélgica-Dinamarca; Les films du nouveau monde, Ali n' Productions, Snowglobe Films

Halim leva moito tempo casado con Mina, con quen rexenta unha tenda tradicional de caftáns na medina de Salguei, unha das máis antigas de Marrocos. A parella vive desde sempre cun segredo que Halim aprendeu a ocultar, pero a enfermidade de Mina e a chegada á tenda dun mozo aprendiz ameazan con perturbar este equilibrio. Unidos polo amor, cada un tratará de axudar o outro a enfrontarse aos seus medos.



Premios:

*2022: Festival de Cannes.
Sección oficial de longametraxes
(Un Certain Regard)*

*2022: Seminci de Valladolid:
Mellor actriz (Lubna Azabal)*



Premios:

2021: Festival de Venecia:
León de Ouro (mellor película)
e Premio FIPRESCI

2021: Premios BAFTA:
Nominada a mellor dirección

2021: Premios César:
Mellor actriz revelación (Vartolomei).
4 nominacións.

2021: Premios del Cine Europeo:
Nominada European University Film Award

2022: Criticos de Chicago:
2 nominacións, incluíndo mellor película
estranxeira.

2022: Sindicato de Directores (DGA):
Nominada a mellor dirección novel.

EL ACONTECIMIENTO

Francia, 2021

Duración: 100 minutos

Director: Audrey Diwan

Guión: Audrey Diwan, Marcia Romano. No-
vela: Annie Ernaux

Reparto: AnaMaria Vartolomei,
Kacey Mottet Klein, Luàna Bajrami,
Sandrine Bonnaire, Pio Marmai,
Anna Mougllalis, Kacey Mottet Klein,
Louise Chevillotte

Música: Evgueni Galperine, Sacha Galperine

Fotografía: Laurent Tangy

Produtoras: France 3 Cinéma, Rectangle
Productions, Srab Films

Francia, 1963. Anne é unha estudante nova e brillante cun futuro prometedor por diante. Pero, cando queda embarazada, ve como desaparece a oportunidade de rematar os seus estudos e escapar das limitacións da súa contorna social. Ante a proximidade dos seus exames finais e conforme vai medrando o seu ventre, Anne decide actuar, malia ter que enfrontarse á vergoña e á dor, malia ter que arriscarse a ir ao cárcere para facelo...

Mércores

20

22.30 h.

SECCIÓN OFICIAL
Auditorio Gustavo Fréire

Xoves

21

22.30 h.

SECCIÓN OFICIAL
Auditorio Gustavo Fréire

EMPIEZA EL BAILE

Arxentina, 2023

Duración: 98 minutos

Dirección: Marina Seresesky

Guión: Marina Seresesky


Reparto: Dario Grandinetti, Mercedes Morán, Jorge Marrale, Pastora Vega, Agostina Pozzi, Lautaro Zera, Marcelo Xicarts, Carolina Sobich

Música: Nicolás Guerschberg

Fotografía: Federico Rivaes


Produtora: Coproducción Argentina-España; Meridional Producciones, Oeste Films, Patagonik, El Gatoverde Producciones, Áralan Films, Habitación 1520 Producciones, Sur Films, Reina de Pike

Carlos e Margarita foron a parella de tango máis famosa e recoñecida da súa época. Hoxe, pouco ou nada queda dese esplendor, desa paixón que os levou a compartir escenarios, viaxes e vida... Carlos vive en Madrid, gozando da segunda oportunidade que lle deu a vida e Margarita vive en Buenos Aires inmersa na pobreza e o esquecemento, pero con ese humor retranqueiro e canalla que sempre a caracterizou. Canda o seu inseparable amigo Pichuquito, a parella inicia unha viaxe desde a cidade de Carlos Gardel ata o pé da cordilleira dos Andes; unha viaxe na procura de respostas, que os enfrontará ás súas lembranzas, aos seus medos, pero sobre todo aos seus verdadeiros desexos.



Premios:

*2023: Festival de Málaga:
Mellor actor sec. (Marrale) e Premio do
Público*



HASTA QUE EL AMOR NOS SEPRE (TILL LOVE DO US PART)

China, República Checa, 2022

Duración: 110 minutos

Dirección: Ran Li

Reparto: Bin Ren, Cuishan Liang,
Ninghao Zhang.

Duración: 110 minutos

Shu, unha profesora de universidade, namora perdidamente do director de teatro Fan, en Praga, durante unha viaxe de traballo a Europa. Con todo, xa ten un prometido, Hu, con quen vai casar e levar unha vida de clase media decente na China. Agora, enfrontase ao maior dilema da súa vida...

A longametraxe debut de Ran Li, *Till Love Do Us Part*, foi estreada no Festival de Cinema de Varsovia en 2022 e foi nomeada a mellor película.

Venres

22

22.30 h.

SECCIÓN OFICIAL
Auditorio Gustavo Fréire

Sábado

23

22.30 h.

SECCIÓN OFICIAL
Auditorio Gustavo Freire

CUANDO LA ALONDRA CANTA

Austria, 2023

Duración: 117 minutos

Dirección: Ana Bilic


Guión: Ana Bilic

Reparto: Danilo Wimmer, Valentina Himmelbauer, Eva-Maria Marchard, Isabella Haag, Alexandra Tulej, Paul Schuster-Zikeli, Birgit Wallner, Marlene Plank, Georg Furtner, Andreas Schuster

Música: Danilo Wimmer

Fotografía: Ana Bilic, Colin Hantschel, Goran Hantschel, Harald Sahling (B&W)

Despois da súa despedida de solteiro, un home de 45 anos esperta no medio do bosque e, no seu deambular, atópase cunha moza con problemas de memoria.



Participacións en Festivais e Premios:


Bogocine 39. Festival do cine de Bogotá, Colombia.
Sección Oficial – Competición Mellor Longametraxe
NewFilmmakers N. York, Estados Unidos. Semifinalista – Mellor longametraxe
Premios INFLUX de Cine. Huntington Beach CA, Estados Unidos. Gañadora Premio Mellor Pelicula Internacional
Los IndieFEST Film Awards. La Jolla, CA, Estados Unidos. Premio ao Mérito – Longametraxe Guión / Escritor
Blow-Up Arthouse Filmfest. Chicago, Estados Unidos. Semifinalista Longametraxe
Premios Top Indie Film. Tokio, Xapón. Nominada – Mellor Longametraxe, Mellor Idea Orixinal, Mellor Actriz, Mellor Idea Orixinal
Festival de Cine Griffix Digital. Montreal, Canadá. Candidata Mellor Director Novel
Festival de Cine Mediterráneo. Cannes, Francia. Selección Oficial
Festival de Cine Alternativo AltFF. Toronto, Canadá. Mellor Director
SANFICI. Santander Festival Internacional de Cine Independente. Bucaramanga, Colombia. Selección Oficial

Festival Internacional de Cine del Vesubio. Campania, Italia. Gañador do Premio – Mellor Longametraxe
Festival de Cine Couch. Toronto, Canadá. Gañador do Premio Mellor Guión e Mellor Actriz
Premios de Cine de Florencia. Italia. Mención de Honor – Mellor Banda Sonora Orixinal
Premios de Oro de Milán. Italia. Mellor Banda Sonora
Premios Internacionais de Cine de Roma. Italia. Premios: Mellor Director Novel e Mellor Pelicula de Misterio
Festival de Curtametraxes Golden Bridge Estambul. Turquía. Sección Oficial – Mellor Directora Femenina
Festival Internacional de Cine de Crown Point. Chicago, Estados Unidos. Premio Mellor Director Novel e Mellor Banda Sonora
Premios de cine Sweet Democracy. Cannes, Francia. Gañador do Premio Mellor Pelicula de Misterio
Premios de cine de Londres. Reino Unido. Gañador do Premio de Prata – Mellor Guión Orixinal
Brooklin, Canadá- Gañadora do Premio – Mellor Director
Premios Internacionais do Cine Mundial. Nova York, Estados Unidos. Selección Oficial – Director Novel
Premios Internacionais de Cine de Madrid. España. Premios: Mellor Actor e Mellor Pelicula de Misterio



CINE DOCUMENTAL

Deputación Provincial - 18.00 h.



Cando alguén morre, sempre quedan preguntas sen facer. Aquí percorremos a vida e a obra de Xesús *Chichi* Campos, pioneiro do cómic galego, loitador antifranquista, galerista e humorista. En definitiva, unha das figuras máis esquecidas da cultura galega. E é que, cando morreu, deixou un fillo que só tiña once anos e moitas preguntas que, trinta anos despois, responde neste documental.

Nico Campos (Santiago de Compostela, 1979). Nico naceu a unha idade moi temperá e logo medrou. Desde ese momento ata a actualidade, combater o tedio é o seu maior reto, polo que se dedica a afrontar todo tipo de proxectos. Fixo curtametraxes, documentais, videoclip e algún *spot* de televisión.

CHICHI E MAIS EU

Galicia, 2023 - Documental

Duración: 100 minutos

Dirección: Nico Campos

Produción executiva: Gaspar Broullón, Nico Campos

Guión: Nico Campos, Marcos Estebo, Ana Ponte

Dirección de fotografía: Pablo Fontenla

Montaxe: Emilio Carral

Música: Oscar Avendaño

Gravada e producida por Paco Serén en Eclipsis Studios

Produción: Mónica Ares, Gaspar Broullón, Nico Campos

Reparto por orde de aparición: Nico Campos, Mariqui Campos, Mary Campos, Paloma Campos, Tata Campos, Luís De Llano, Víctor Barús, María Ripoll, Xosé Díaz, Antón Mascato, Pepe Carreiro, Concha Lago, Jacobo Bermejo, Ángel Ezama, Suso Iglesias, Manuel Manquiña, Antonio Durán "Morris", Ricardo Rodríguez, Piedad Cabo, Eric Campos.

Escribiu guións para series de televisión; realización en directo de concertos, para xente como The Offspring, Bebo Valdés, The Prodigy ou o Padre Jony... Por traballar, mesmo realizou unha campaña electoral. Videos seus estiveron en sitios como o CGAC, o MARCO ou o Círculo de Bellas Artes de Madrid, seguramente porque os organizadores non sabían que os fixera el. En televisión tentou subverter a mocidade no «Xabarin Club» e a poboación xeral no programa «Vivir aquí». Actualmente traballa no Departamento de extensión audiovisual da TVG mentres segue desenvolvendo diversos proxectos en espera de poder escribir e protagonizar un musical de Broadway.

Luns
18
18.00 h.

CINE DOCUMENTAL
Deputación Provincial

Martes
19
18.00 h.

CINE DOCUMENTAL
Deputación Provincial

LA MEMORIA DEL CINE

UNA PELÍCULA SOBRE FERNANDO MÉNDEZ LEITE

España, 2023


Duración: 92 minutos


Director: Moisés Salama

Produtora: Estela Producciones
Cinematográficas

Guión: Miguel Angel Oeste

Fernando Méndez-Leite é unha das persoas fundamentais da historia do cinema español que baliza máis de medio século de cultura. A súa vida e a súa memoria conteñen non só a narración da nosa cinematografía, senón tamén a da cultura, a política e os cambios sociais que o foron acompañando. A escritura das súas memorias e dunha novela con evidentes resonancias autobiográficas é o momento elixido neste documental para percorrer con el a súa biografía desde a súa impresionante memoria, onde se mestura o íntimo e o colectivo por medio dunha mirada que busca refuxio no cinema. A realidade e a ficción crúzanse e confúndense a través do seu percorrido vital, pero sen saír do soto da súa casa, onde habita un mundo, o seu, envolvido entre milleiros de películas, fichas e fotografías.





MIA MOGLIE

España, 2022

Duración: 17 minutos

Director: Ana Liébana

Guiónista: Ana Liébana

Producción: Jorge Mosquera e Jacobo Solís Vera

Fotografía: Santiago Fuentes

Director de arte: Diego Lillo

Montaxe: Beatriz F. Kunst

Reparto: Adrián Luque, Antonella Pinto,
Marco Marini, Charí Gutierrez, David Salinas,
José de Vicente.

Mia Moglie conta a historia de Raúl, un mozo do barrio de 19 anos que afronta o seu primeiro día como repartidor dunha empresa de mensaxería.

Raúl pertence a unha familia de baixo estrato social chea de débedas e silencios. O seu pai é un home disfuncional e o seu irmán maior Lolo é un traballador que, malia o seu pasado turbulento, sobrevive íntegro e sen arrepentimento.

A cámara atopa a Raúl no fráxil e solitario momento vital de deixar atrás a adolescencia e en plena loita persoal pola aceptación da súa realidade. Raúl nunca tivo espazo para pensar a que lle gustaría dedicar a súa vida e tampouco sentiu dereito a descubri-lo.

Así, asustado, cheo de inseguridades e case sen saber como suxeitar a roda, fai entrega de paquetes por primeira vez, coma un anano nun mundo de gigantes, tratando de buscar un punto de conexión coa vida que foi o seu destino, dando o primeiro paso para converterse nun home.

Mércores

20

18.00 h.

CINE DOCUMENTAL
Deputación Provincial

Mércores

20

18.00 h.

CINE DOCUMENTAL
Deputación Provincial

NO SE OYE

Galicia-Lugo, 2022 - Documental

Duración: 30 minutos


Director: Mario Pereira

Producción: Centro de Formación Audiovisual de la Deputación de Lugo

No se oye é un traballo colectivo no que o alumnado quixo documentar a historia da antiga casa de maternidade anexa ao Hospital de San José, onde actualmente está o Centro de Formación Audiovisual de Lugo, e nel dan conta dalgunhas historias de abuso e dor que se viviron alí en tempos onde as desigualdades sociais eran moi fondas e os dereitos das mulleres, menosprezados. O propio título *No se oye*, frase escrita nun dos informes manipulados que o alumnado documentou, é unha proba do ocultismo, da manipulación e dos moitos anos que a verdade leva silenciada.

O Centro de Formación Audiovisual de Lugo (antes chamado Fundación TIC) leva a cabo un proxecto educativo baseado na formación práctica do alumnado, desenvolvendo proxectos nos que o profesorado recrea escenarios reais para poñer en práctica todo o aprendido de xeito profesional. Este documental, *No se oye*, gañou o Premio á Mellor Curtametraxe Documental na categoría de Escuelas de Imagen y Sonido no Festival Internacional de Cine de Ponferrada.





ORILLA

España, USA, Mexico, 2022

Duración: 20 minutos

Directora: Cait Cooper

Na semana previa á Festa da Virxe do Carme, o pasado, presente e futuro da Illa de Arousa converxen en A Seca. Na baixamar de todas as mañás, coñecemos a Carmen e a Mónica, dúas xeracións de mariscadoras a pé. As súas saudades e alegrías contrástanse co camiño de Tania, a filla de Mónica e unha das últimas mozas que elixiron o oficio. Cada cambio de marea revela a memoria desta tradición matriarcal que continua nas que gardan a beira.

XEOSÓNICA

Galicia, 2023

Duración: 22 minutos

Director: Andrés Mahía

O mar non é só o hábitat de peixes, cetáceos, algas e outros seres vivos. É o modo de vida de moitas vilas e cidades, un roteiro de comercio, un lugar de lecer, fonte de riqueza e tamén de traxedias. O mar é un modo de vida, unha identidade. O Atlántico definenos moitas veces como galegos, pero tamén ten a súa identidade propia, e os seus sons. MMRRSS-MM... (As Músicas dos Ruídos dos Sons do Mar) é unha das múltiples pezas que conforman o proxecto transmedia Xeosónica. É unha exploración dos ruídos do mar, dos que percibimos, dos que non, e dos que non sabemos que percibimos. Unha aproximación ao son cunha mirada artística e un enfoque experimental.

Mércores

20

18.00 h.

CINE DOCUMENTAL
 Deputación Provincial

Xoves
21
18.00 h.

CINE DOCUMENTAL
Deputación Provincial

NOS ACOMPAÑAMOS

España, 2022

Duración: 15 minutos

Director: Javier Barbero Montes

Produtora: Fourminds-Acherob Films

Reparto: Aurora Urbano Bujalance,
Antonio Montes Cordoba

Os meus avós regaláronme unha Canon 6D cando lles dixen que quería dedicarme ao cinema. Anos máis tarde, utiliceí esa mesma cámara para gravalos nos seus últimos anos de vida. Mentres filmaba, preguntábame que ía pasar cando un dos dous falecese, que pasaría cando estivesen o un sen o outro.

BIENVENIDO A MA MAISON

España, 2022

Duración: 82 minutos

Director: Andrés Goteira

Welcome to ma maison é unha longame-traxe que inicia unha viaxe cara a Los Ángeles para coñecer o director de cinema Nicolas Winding Refn e que, ao non atopar o seu rumbo, camiña cara ao interior do seu protagonista percorrendo a difusa liña entre o actor, a persoa e o personaxe. Un documental experimental construído con imaxes reais, sentimentos sinceros e problemas verdadeiros. Un falso documental, rodado a modo de *making of*, onde todo o que se nos amosa é 100 % real.





CHOMÓN EL INCOHERENTE

España, 2022 - Animación

Duración: 8 minutos

Director: Cristina Gálvez, Javier Alvero

Os pioneiros do cinema e a animación no París da *belle époque*, as fontes de inspiración do turolense Segundo de Chomón e as súas achegas no 150 aniversario do seu nacemento.

ESTRAGOS DEL LIENZO

Galicia, 2023

Duración: 7 minutos

Directora: Sandra Bermúdez

Produtoras: IES Audiovisual de Vigo

Teñen os artistas de hoxe un futuro nun mundo que se está a volver cada vez máis automatizado? Esta parece ser a gran pregunta que cada vez máis ilustradores nos facemos nestes días; polo menos aqueles de nós que somos máis conscientes dos últimos avances en tecnoloxía. Este documental reflexivo amosa a visión de tres artistas vigueses e dun experto en IA que darán os seus testemuños e perspectivas para tratar de entender como esta irá transformando o futuro da arte.

Venres

22

18.00 h.

CINE DOCUMENTAL
Deputación Provincial

Venres

22

18.00 h.

CINE DOCUMENTAL
Deputación Provincial

ELEXIA DE ATACAMA

Chile, 2023

Duración: 61 minutos

Director: Carlos López

Fotografía: Xacobo Xanbri, Jesús Vélez

Elexia de Atacama é unha longame-traxe documental sobre a explotación económica deste deserto baseada nas aventuras de dous emigrantes galegos chamados Benigno Pousada Galis e Valentín Míguez Otero. A finais do século XIX, un fluxo de homes similar en volume aos grandes ríos do continente chegou ao deserto de Atacama. Coñeceu-se como «febre do sal», un fenómeno con consecuencias mundiais debido á súa influencia transformadora en campos tan diversos como a agricultura e a produción de alimentos, ou a produción de armas. O obxectivo da película é tocar as almas destes pioneiros e os seus sucesores, convocalos para que nos conten a súa increíble e descoñecida historia baseada na fenda entre as maxestosas ruínas do seu tempo e o contexto contemporáneo.





HOMENAXES

Deputación Provincial - 20.00 h.



Auxilia Lugo é unha entidade de voluntariado sen ánimo de lucro que traballa dende 1972 pola normalización e inclusión das persoas con discapacidade física e mobilidade reducida e para a consecución do seu desenvolvemento en igualdade de condicións.

Traballamos tamén no ámbito da accesibilidade e a eliminación de barreiras arquitectónicas, así como no impulso do turismo accesible e o ocio adaptado a persoas con discapacidade na provincia de Lugo.

O noso obxectivo é que todas as persoas con diversidade funcional poidan compartir os mesmos espazos de convivencia que o resto da poboación.


Tras a visualización das películas que serán expostas na Semana do Cine, concluímos que todos estes aspectos que se traballan dende a nosa entidade están moi relacionados cos que se recollen nelas, así como outros relacionados con este colectivo e nos cales tamén intervimos directa ou indirectamente.

En todos os filmes se recolle a importancia de que todas as persoas con diversidade funcional contén cun grupo de iguais e con persoas da súa contorna que os apoien dende a comprensión e o afecto, así como tamén se reflicten as dificultades sobrevidas que se engaden á súa situación. Igualmente, tamén se aborda o importante que é o traballo na xestión e expresión de emocións e na resolución de conflitos.

En primeiro lugar, observamos que en todas elas se recolle, ao igual que vemos e traballamos dende a entidade, as dificultades que deben afrontar en numerosas ocasións no seu día a día as persoas con discapacidade, en situación de dependencia ou con calquera outra problemática de saúde: actividades de carácter rutineiro, barreiras arquitectónicas, dificultades para acceder e empregar múltiples ben e servizos, prexuízos que outras persoas teñen cara a elas, sobreprotección por parte das persoas que exercen os seus coidados, limitacións para a súa autonomía e dependencia...

Así mesmo, tamén se trata a problemática que sofren as persoas coidadoras, as cales teñen en moitos casos unha sobrecarga polos coidados e as dificultades para levar a cabo outras actividades. Estes coidados, deben ser exercidos tanto por familiares ou persoas da súa contorna como por profesionais, deben ser realizados dende a empatía, a comprensión, o cariño e a implicación, como se capta nos filmes.

Como conclusión, estas entrañables películas fannos reflexionar acerca da complexidade da problemática destes colectivos e da súa contorna e sobre as trabas que afrontan no seu día a día, polo que é importante que tomemos consciencia e traballemos para que exista unha igualdade de oportunidades e un respecto total aos dereitos destes colectivos. Este é o fin último que perseguimos dende a nosa entidade, na que nos centramos principalmente nas persoas con diversidade funcional. Por último, queremos agradecer enormemente a oportunidade que se nos ofreceu de poder visualizar estas películas e desta forma participar na Semana do Cine.



RAÚL

España, 2022

Duración: 8 minutos

Directora: Raquel Caballero Pérez

Reparto: Raúl López, María Ángeles Pérez, Aurelio López

Raúl é un mozo de 30 anos que padece unha discapacidade tanto física como intelectual desde que naceu. Está internado desde hai uns anos nunha asociación e, durante a semana, os seus pais van velo, poden sacalo para estar con el ou mesmo levalo a casa se o necesita. Pero as fins de semana vive na casa, e é cando Raúl pode gozar dos seus xoguetes. Mentres, os seus pais axúdanlo para que poida ter a mellor vida posible.

AMOR SIN BARRERAS

España, 2022

Duración: 14 minutos

Director: Nani Corral

Reparto: Paula Moure, Ana Valdivia, Nicolás de Pau, José María Álvarez, Miguel de la Hera

Un mozo ao que lle gusta unha moza, unha moza á que lle gusta un mozo. Pero as súas circunstancias especiais fan que haxa xente que non quere que estean xuntos. Conseguirán salvar as barreiras?

Luns
18
20.00 h.

HOMENAXE AUXILIA
Deputación Provincial



Luns
18
20.00 h.

HOMENAXE AUXILIA
Deputación Provincial



INVICTUS


España, 2022

Duración: 15 minutos

Director: Keven González

Reparto: Vicente Ayala, Iris Díaz,
Cathy Pulido, Elvira Tricas

A vida de Felipe vese interrompida bruscamente cando sofre un ictus. Un día estaba a corrixir exames dos seus alumnos da universidade e, de súpeto, vese nunha cama de hospital completamente dependente: sen poder falar, camiñar, incorporarse nin utilizar o seu brazo dereito. Comeza a neurorrehabilitación no Hospital ICOT Ciudad de Telde pero séntese moi frustrado e non avanza na súa recuperación. O equipo de profesionais afánase no seu tratamento, pero algo nel debe cambiar para poder mellorar. Grazas ao apoio dos seus terapeutas, un día esperta de verdade algo no seu interior e consegue superar o ictus.





LA VIDA ENTRE DOS NOCHES

España, 2022

Duración: 23 minutos

Director: Antonio Cuesta

Produtora: El Golpe Cratavis, S.L.

Reparto: José Manuel Puga, Javier Delgado, Marisol La Chispa

Pepe e Xesús son pai e fillo. Esa mañá de verán, Pepe ten que traballar nunha feira, pero o encargado de coidar a Xesús, que ten parálise cerebral, chama e dille que non poderá facelo.



PAPÁ

España, 2022

Duración: 13 minutos

Director: Julio Montejo

Reparto: Dolores Monerris, Andrés R. Santiago, Beatriz Fernández, Carlos David Baena

Mercedes e Miguel conviven con Carmen, unha moza tenra e particular que está en cadeira de rodas e que pasa o seu tempo dexubando nun caderno. Os tres viven tranquilos ata que Miguel trae uns papeis que comportarán un gran cambio nas súas vidas.

Luns
18
20.00 h.

HOMENAXE AUXILIA
Deputación Provincial





FOTO OLIVER

O Grupo Fotocinematográfico Fonmiñá, continuando coa iniciativa empezada no ano 2019 de recoñecer cada ano o traballo daqueles fotógrafos que exerceron a súa actividade en Lugo, fará entrega do Trofeo Fonmiñá deste ano a Anxo Arias Prado, de Foto Oliver, en Viveiro. Anxo realizou a súa aprendizaxe fotográfica na Coruña para posteriormente, en 1981, instalarse en Viveiro, onde desenvolveu a súa actividade ata o ano 2018 en que se xubilou. Actualmente o seu arquivo fotográfico está depositado no Seminario de Estudos Terra de Viveiro. Desta maneira, coa realización desta homenaxe a Foto Oliver, preténdese tamén poñer en valor o traballo de todos aqueles fotógrafos profesionais que realizaron o seu labor nas distintas vilas da nosa provincia

(E. Ochoa)



CARDOÑA. FOTOS A 7 PESETAS

Galicia, 2023 - Documental

Duración: 35 minutos

Dirección e Guión: Carlos Lorenzo

Música orixinal: Moisés Quintas

Ilustracións: María Lires

Voz en off: María Barcala

Edición: Manuel Macou

Imaxe e realización: Xosé A. Bocixa

Poema: Emma Pedreira

Postproducción de audio: Alfonso Camarero

Cardoña (José Gestal) foi un dos moitos fotógrafos espallados por Galicia que traballaban dun xeito ambulante como un medio vida que lles permitía obter ingresos para subsistir. Cardoña era un obreiro da foto.

O seu humilde traballo converteuse sen el sabelo nun legado documental que hoxe serve para afondar no coñecemento da Galicia rural de boa parte do século XX. A súa filla Matilde e fotógrafos e expertos como Xurxo Lobato, Xoán Piñón, Carlos Castelao e Manuel Sendón cóntannos como era aquel oficio e home-naxean a quen contribuíu a que permanecese vivo na nosa memoria.

Cardoña. Fotos a 7 pesetas é o segundo documental de Carlos Lorenzo, despois de que no 2018 presentase *Vértice de versos*. A súa principal actividade profesional é a xestión cultural na Administración pública, e actualmente é o

presidente da Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural. No artístico, ten unha traxectoria como fotógrafo con diversos libros publicados e varias exposicións individuais e colectivas por Galicia.

No ámbito audiovisual, estudou produción na Escola de Imaxe e Son da Coruña. Conta con experiencia como guionista, así como en diversas funcións de produción, como coordinador de dobraxe en curtametraxes de animación como *Unha viaxe rodada*, *Acceso libre* e *Mellor viaxar*, e en traballos de vídeo industrial. Neste proxecto xunta as súas múltiples facetas profesionais para crear un documental no que a fotografía é o eixo central, grazas ao seu labor como creador do arquivo fotográfico de Carral, repositorio alimentado principalmente polas imaxes tomadas por Cardoña entre os anos 40 e 70 do século XX.


Martes

19

20.00 h.

FOTÓGRAFOS
Deputación Provincial

HOMENAXE:
E PARA COMER LUGO...



Premios:

2021: Premios César:
Nominada Mellor Deseño de Produción
e Mellor Vestiario

DELICIOSO

Francia, 2021

Duración: 112 minutos

Director: Eric Besnard

Guión: Eric Besnard, Nicolas Boukhrief

Música: Christophe Julien

Produtoras: Coprodución

Francia- Bélxica; Nord-Ouest Films,
SND Groupe M6, France 3 Cinéma,
Région Auvergne-Rhône-Alpes,
Artemis Productions, Canal+, Ciné+,
France Télévision, Cinéimage 14, Indéfilms

Reparto: Gregory Gadebois, Isabelle Carre,
Benjamin Lavernhe, Guillaume de Tonque-
dec, Christian Boullitte, Lorenzo Lefevre

Francia, 1789, xusto antes da Revolu-
ción Francesa. Coa axuda dunha muller
inesperada, un *chef* que foi despedido
polo seu xefe atopa o valor para abrir
un restaurante de seu.

Mércores

20

20.00 h.

E PARA COMER LUGO...
Deputación Provincial



FAI 45 ANOS

A primeira Semana de Cine de Lugo celebrámola do 24 ao 28 de setembro no Gran Teatro de Lugo, en sesións de tarde (infantil) e de tarde noite (curtas e longametraxes). Cun orzamento de arredor dun millón de pesetas (6000 euros), nutrido en parte cunha subvención de medio millón do Ministerio de Cultura, Fonmiñá ten, así e todo, todos os seus fondos hipotecados na Semana. Se todo sae ben, recuperaremos os cartos a través dos bonos que vendamos. Con non perder cartos dariámonos por contentos. Do contrario, non saberemos que facer. O Comité Organizador estaba formado por: Tomás Paniagua Ayesa, Juan José Carballal López, Manuel Curiel Fernández, José Luís Davila Arias, Xulio Xiz Ramil, Magín López Lobeiras e Carlos Rodríguez Arias.

As películas seleccionadas foron: *El amigo americano* (Win Wenders, Alemaña, 1977), *Las palabras de Max* (Emilio Martínez Lázaro, España, 1978), *Allonsanfán* (Paolo e Vittorio Taviani, Italia, 1973), *Annie Hall* (Woody Allen, EE.UU., 1977) e *Z, anatomía de un asesinato* (Costa Gravas, Francia - Alxería, 1968). Ademais, fixemos o domingo pola mañá unha Sesión Especial con *El huevo de la serpiente* (Ingmar Bergman, Alemaña – EE.UU., 1977).

Ano Internacional do Neno Semana de Cine Infantil: *La flauta de los pitufos* (TV belga e francesa), *Los seis magníficos y medio* (Harry Boot), *La bruja traviesa* (Vaclav Vorlicek), *Las nuevas aventuras de Marco Polo* (Eric Porter) e *Zafarrancho en el circo* (Jacques Tati).

Curta-metraxes galegas: *O pai de Migueliño* (Miguel Castelo), *O cadaleito* (Enrique R. Baixeras, baseado nun conto de Ánxel Fole), *Fendetestas* (Antonio F. Simón) e *O herdeiro* (Miguel Gato).

E fixemos a primeira semana, que daquela nos pareceu moi importante –e si o foi–, e que, vista agora con indulxencia, nos parece moi modesta. Pero era a primeira. E foi moi grande para as nosas ilusións e expectativas. E foi lucense, en Lugo, nunha cidade que estaba perdendo a pasos axigantados a afección polo cine. E foi un tratamento de choque afortunado que reavivou a afección e mantivo a chama acesa para seguirmos sendo devotos da sétima arte, que máis de catro décadas despois seguimos coidando.

A Mellor Película elixida por votación popular foi *O amigo americano* (Win Wenders, Alemaña, 1977), título que 45 anos despois recuperamos como merecida homenaxe á Semana de Cine de Lugo.



Premios:

1977: Festival de Cannes:
Nominada a Palma de Ouro (mellor película)

1977: Premios César:
Nominada a Mellor Película Estranxeira

1977: 3 Premios do cine Alemán:
incluíndo Mellor director

1977: Asociación de Críticos Norteamericanos
(NBR). 1 nominación

EL AMIGO AMERICANO

Alemaña (FA), 1977

Duración: 121 minutos

Director: Wim Wenders

Guión: Wim Wenders.

Novela: Patricia Highsmith

Reparto: Bruno Ganz, Dennis Hopper, Lisa Kreuzer, Gerard Blain, Andreas Dedecke, Nicholas Ray, Samuel Fuller

Música: Jürgen Knieper

Fotografía: Robby Müller

Produtoras: Coprodución Alemaña do Oeste (RFA)-Alemaña-Francia; Road Movies Filmproduktion, Les Films du Losange, Westdeutscher Rundfunk (WDR), Bavaria Film, Filmverlag der Autoren, Wim Wenders Productions

O marchante americano Tom Ripley (Hopper) tenta poñer a proba a integridade de Jonatham Zimmermann, un humilde fabricante de marcos (Bruno Ganz) que padece unha enfermidade terminal. Ripley preséntalle un gánster que lle ofrece moito diñeiro a cambio de que traballe para el como asasino a soldo. Nun principio rexeita a oferta, pero, ao pensar no precario futuro que espera á súa muller e ao seu fillo despois da súa morte, acaba aceptando o trato.

Xoves
21
20.00 h.

FAI 45 ANOS
Deputación Provincial





HOMENAXE:
IRMÁNS COIRA



CELAVELLA NA HABANA

Galicia, 2003/2005 - Serie TV -

Capítulo 52 As leis de Celavella

Dirección: Jorge Coira, Carlos Sedes

Son: Rubén Martínez

Vestuario: Ruth D. Pereira

Dirección Artística: Antonio Pereira

Fotografía: Xose Manuel Neira

Edición guión: Pepe Coira

Reparto: Manuel Cortés, Marcos Vieitez, Camila Bossa, Antonio Mourellos, Salvador del Río, Aurora Mestre, Ana Santos, Fernando Morán, Carlos Fernández, Nancy Valcarcel, Avelino González, Rodrigo Roel.

Idea orixinal: Cheché Carmona, Pepe Coira, Eligio R. Montero, Puri Seixido para VOZ.

Produtor executivo: Pepe Coira

Asesor cine na emigración: Manolo González

Producción: Voz Audiovisual. Televisión de Galicia.

Os veciños de Celavella acoden a El Dorado a ver unha película procedente de Cuba, “Celavella na Habana”, na que poderán ver coñecidos da vila e familiares. Con gran ledicia e asombro, observan imaxes da capital, do Centro Galego, e da propia celebración da Asociación de Fillos de Celavella, pero ao final son testemuñas da morte repentina do Sr. Dopico, presidente da dita asociación. A autopsia revela que foi envelenado durante a comida, e o principal sospeitoso é Moisés, irmán de Matilde e tesoureiro da asociación. Ante a imposibilidade de chegar a tempo para o xuízo, Pablo e Matilde afánanse por buscar as probas que demostren a inocencia de Moisés. Paquiño dálles a primeira pista: a propia película, que visionan unha e outra vez coa axuda do rapaz, ata que conseguen dar cos verdadeiros asasinos.

Venres

22

20.00 h.

HOMENAXE ITM IRMÁNS COIRA
Deputación Provincial



AS CURTAS TAMÉN SON CINE

Vello Cárcere - 17.00 h.

(Practicamente a totalidade das curtametraxes que se presentan nesta Sección da Semana de Cine obtiveron premios nos máis importantes festivais de cine de todo o mundo. Para non influir no espectador á hora de emitir o seu voto para elixir a mellor curta, o Xurado de Selección e o Comité Organizador, decidiu omitir aquí os Festivais e Premios obtidos por cada unha das películas que se presentan).

Luns
18
17.00 h.

AS CURTAS TAMÉN SON CINE
Vello Cárcere



8 MM DE DISTANCIA


España, 2022

Duración: 19 minutos

Director: Sergio Núñez

Reparto: Paula Moure, Ana Valdivia,
Nicolás de Pan, Jose María Álvarez,
Miguel de la Hera, Laura Soledad Prieto,
Alejandro Carretero

Desde que faleceu o seu pai, Bruno, de 20 anos, reparte o seu tempo entre as súas obrigas como estudante e a súa afección polo cinema. O encontro dun vello obxecto do seu pai, unha sinxela cámara de Super 8, levaralle a mudar a percepción do mundo no que vive.



DESAMOR

España, 2022

Duración: 18 minutos

Director: Fernando García Pliego

Reparto: Juliette Gadratt, David Bueno,
Debora Izaguirre, Jesus Gallego

Julie, unha moza franco-alxerina que traballa como coidadora do fillo dunha parella acomodada, ve perigar a tranquila convivencia da casa cando o marido lle confesa que está namorado dela.

Luns
18
17.00 h.

AS CURTAS TAMÉN SON CINE
Vello Cárcere

ESTRELLAS DEL DESIERTO

Chile, 2022

Duración: 18 minutos

Director: Katherina Harder

Reparto: Bastian Bravo, Luciano González,
Josefa Aguilar, Catalina Saavedra,
Lucas Marchant

No medio do deserto de Atacama, Antay (12) ve o seu pobo desaparecer fronte á seca. Canda os seus amigos e o seu pequeno equipo de fútbol, tentará aferrarse aos últimos raios de sol, os fragmentos da súa infancia e os lazos de quen aínda resiste.



L'HERITAGE


Francia, Libano, 2022

Duración: 18 minutos

Director: Matthieu Haag


Reparto: Camille Salameh, Rita Hayek

Beirut, outubro de 2020. Zeina está embarazada, volve por primeira vez ao barrio de Karantina, onde o seu pai ten un apartamento familiar. Vaino visitar. Mentres tanto, os libaneses contan...



Luns
18
17.00 h.

AS CURTAS TAMÉN SON CINE
Vello Cárcere




NO ES "DEPRE", ES DEPRESIÓN

España, 2022 / Duración: 17 minutos

Director: Guillermo Martínez

Reparto: Víctor Pérez, Javier Arenas, Miguel Roca, Yolanda Monar, Mireilla Ainaga, Aurea Esparza, Ana Boada

No es depre, es depresión é unha aproximación desde diferentes escenarios a unha patoloxía da que se fala moi pouco pero que, con todo, está moi presente na nosa sociedade. Unha viaxe no que a actriz Angy Fernández, pacientes e profesionais nos falarán da súa relación coa depresión co fin de que poidamos entender mellor a que neste momento é unha das maiores causas de discapacidade no mundo.



PEQUEÑA SOLEDAD

España, 2023 / Duración: 8 minutos

Director: José García Garrido

Reparto: Lola Higginston, Ana Cardona Valle, Carlos Pérez.

Tras a traxedia do falecemento dun bebé no mar, a familia despídeo, e iníciase desde ese momento a soledade da súa irmá, quen sente non só a perda da súa irmá bebé, senón a da súa nai, quen, ausente ante a perda, esquece a existencia da súa filla, que está, e se sente, moi soa, e se refuxia nos soños dos recordos dos momentos felices coa súa nai, mesturados coa realidade do que pasou. A nena sente como a súa nai dalgún modo tamén se foi.

Martes

19

17.00 h.

AS CURTAS TAMÉN SON CINE
Vello Cárcere

PHONORAMA

España, 2022 - Animación

Duración: 12 minutos

Director: Alex Rey

Jose Antonio dispense a gozar dunha agradable tarde de lectura, prostrado na súa cadeira de rodas, no seu apartamento de Manhattan. Pero unha forza escura e terrible está a piques de poñer o seu mundo patas para arriba. E é que ninguén pode escapar do poder destrutor de Phonorama...


PITANGO

Argentina, 2022 - Animación

Duración: 11 minutos

Director: Rodolfo Pastor

Pacho e Mimi son dous bonecos que viven nunha maqueta de animación e pasan penurias económicas. Improvisan un espectáculo de tango para vender os seus cadros a un galerista de Nova York, pero todo termina en desastre. Con todo, a súa paleta obterá un éxito inesperado.





RANDA 1976


España, 2022

Duración: 22 minutos

Director: Laura Ríos

Reparto: Diego Villaespesa, Marta Lavenfeld, Alejabdro Vergara, Carmen Calle, Asun Ayllon, Eduardo Duro, Silvia Barreda

Manuel, un mozo mariñeiro de orixe humilde de Torremolinos, queda engaiolado por Randa, unha moza sueca que chega á Costa do Sol de vacacións. Unha relación intensa que termina como case todos os amores de verán: con camiños separados.



SKALA

Reino Unido, 2023

Duración: 15 minutos

Director: Kae Bahar

Reparto: Yaganeh Rajabi, Taro Babar

Atrapada nun matrimonio concertado, unha muller nova arriscao todo nunha loita por recuperar a súa vida roubada.

Martes

19

17.00 h.

AS CURTAS TAMÉN SON CINE
Vello Cárcere

Martes

19

17.00 h.

AS CURTAS TAMÉN SON CINE
Vello Cárcere

STAINS

Dinamarca, 2023

Duración: 19 minutos

Director: Sofie Krogg Grud

Reparto: Sarah Juel Werner, Kirsten Olesen, Cyrón Melville

A nova artista Lærke vive nun refuxio onde lle esta custando rematar a súa nova obra mestra para a súa próxima exposición. Pero aínda con todo, Lærke esta loitando unha batalla moito máis complexa. Unha batalla de deixar ir e atoparse a ela mesma.

VOLTE FACE



Francia, 2023


Duración: 11 minutos

Director: Cedrik Spinassau

Reparto: Elise Petigrew, Diane Martin, Roxane Fomberteau.

Tres irmás que en todo se opoñen reú-nense para visitar as súas nais.





EL OTRO

España, 2022

Duración: 18 minutos

Director: Marc G. Ros

Productora: Euphoria Producciones

Reparto: Adriá Salazar, Daniel Grao, Gio García, Rocio Núñez Cobo, Mar del Hoyo

Hoxe é o aniversario de Iván, cumpre 18 anos. Tras unha longa noite de celebración cos seus amigos, regresa a casa con intención de durmir ata tarde, pero a súa nai espértao para felicitalo e darlle o seu agasallo: un reloxo. Iván enfurécese, bota a súa nai da habitación, rompe o reloxo e finalmente escapa de casa.



ENERO DEL 66

España, 2022

Duración: 14 minutos

Director: Jaime García Para

Reparto: Quique Derrio, Jesus Herrera, Alexa Navarro, Mar Galera, Carmen Peña, Juan A. Pérez, Pedro Lopez, Carlos Juan

Ano 1966. Unha parella de turistas grávase gozando dun plácido día de praia. Ás súas costas, uns aldeáns deciden picar a un pastor local, que se xogará a honra ante a súa amada nun curioso xogo. Aos turistas atraélles o estraño xogo e deciden gravalo, sen seren conscientes da hecatombe que sucederá ante a cámara.

Mércores

20

17.00 h.

AS CURTAS TAMÉN SON CINE
Vello Cárcere

FLUYE

España, 2022

Duración: 7 minutos

Director: Robert Rabanal Ramírez

Reparto: Bruno Rabanal, Jaume Casals, Aleix Rocamora, Genis Lama

Que sucede cando es un neno e queres facer cousas de adulto? E cando es maior pero preferirías ser un neno? Bruno e Alex son tan bos amigos que descubrirán ao mesmo tempo o máximo que é medrar.



FUERZA MATERNAL


España, 2022


Duración: 11 minutos

Director: Salvador Montleon Bolluda

Reparto: Salvador Montleon, Lidia Minguez, Marta Rodríguez

O Sr. González é un empresario arrogante e sen escrúpulos. A súa vida sofre un cambio de 180 graos tras un xiro inesperado, o cal o converte nunha persoa totalmente diferente. Unha curtametraxe inspirada nunha historia real.





HABIBI

España, 2022

Duración: 10 minutos

Director: Guillermo Cabot

Reparto: Hichan Malayo, Buchra Boudia

Un autobús urbano circula pola cidade. Detense e a el sobe unha parella árabe. El dirixese a ela en voz alta, nervioso. Os pasaxeiros observan con desconfianza e preocupación a discusión cada vez máis acalorada ata que un dos pasaxeiros decide intervir: “Ti, *habibi*, senta...”.



HÀBITAT

España, 2023

Duración: 18 minutos

Directora: Elena Escura

Reparto: Isabel Rocatti, Abdelatif Hwiday

Todos os días, Marisa observa esa casa desde a rúa: o edificio, o balcón, a vida que transcorre detrás da xanela. Un día Marisa decide facer algo que deixou pendente: dicir adeus.

Mércores

20

17.00 h.

AS CURTAS TAMÉN SON CINE
Vello Cárcere

HACE MUCHO QUE QUERÍA DECIRTE QUE TE AMO

Arxentina, 2022

Duración: 20 minutos

Directora: Nadia Gagna

Produtora: Chuchagui Producciones

Reparto: Juan Tupac Soler, Sharon Luscher,
Alejandro Casagrande, Ayelen Tenenbaum,
Melanie Sussie, Alvaro Velasco

Joaquín está namorado da súa mellor amiga de toda a vida, Lucía, e non se anima a confesalo. Ademais, Joaquín sofre de narcolepsia, e un inoportuno cambio na medicación xógalle unha mala pasada ao non saber cal é o límite entre o que soña e o que realmente sucede. Un día, reunidos no seu café de sempre, Lucía dálle a noticia de que vai casar, e Joaquín, aínda que namorado, decide felicitala e apoiála. Pasan as semanas e os preparativos da voda, e Joaquín tenta achegarse a Lucía coa dúbida de se realmente está preparada para casar ou non, o cal provocará en Lucía, sorpresa e confusión.





HONDARRAK

España, 2022 / Duración: 15 minutos

Directoras: Paula Iglesias, Marta Gómez

Reparto: Ima Peiro, Dladys Carrasco, Miren Aingeru

Dúas mulleres sosteñen un mundo onde os coidados están en ruínas. Gladys, desde o seu eterno confinamento na casa onde traballa como interna. Ima, en eterna espera fronte ao mar ata que outro barco rompa as súas redes. As dúas teñen traballos non recoñecidos nos que as obrigas as invaden ata non deixaren espazo ás súas propias vidas. Non importa a hora á que soen os seus teléfonos. Gladys non pode contestar nunca, Ima está obrigada a responder sempre. As dúas teñen que deixar a familia atrás. Espazos que son traballo, traballos que son casas e casas que non sempre son fogares. Os recordos das súas vivencias entrelázanse nun relato sensorial que nos conduce ata unha pregunta: en mans de quen está que a situación cambie?



IAGO Y TRISTÁN

España, 2022 / Duración: 12 minutos

Director: Miguel Ibañez Monroy

Reparto: Quim Ávila, Lluís Marqués

Tras varios anos de relación, Iago e Tristán decidiron separarse. A tarde que Tristán recolle as súas cousas para marchar do piso que compartían, recibe a inesperada visita de Iago, que non debía volver ata que Tristán non se fose. O incómodo reencontro entre ambos convértese nunha desacougante experiencia cando Tristán recibe unha chamada que o cambiará todo.

Xoves

21

17.00 h.

AS CURTAS TAMÉN SON CINE
Vello Cárcere

LA CAJERA

España, 2022 / Duración: 14 minutos

Directora: Amada Santos Relano

Produtora: Fila 5 Producciones

Reparto: Olga Navalón, Andrea Haro, Pedro Lendínez, Chema Trujillo, Amada Santos, Tomás Fernández

Maca traballa como caixeira nun supermercado. Un día, mentres repón un dos andeis, un mozo achégaselle por detrás e rózalle o traseiro co 'paquete'. A moza amaga con enfrontarse con el, pero asáltanlle as dúbidas. Foi unha agresión? Podo denunciálo? Faríallo a máis mulleres? Non lle pasa algo parecido a isto todos os días a centos de mulleres en todo o mundo? Sen saber explicar que ocorreu, Maca só sente que ten que facer algo. Ás agachadas do seu xefe, cóase no seu despacho e consulta as gravacións das cámaras de vixilancia do súper ata comprobar que ela non foi a única vítima. Maca non se deterá ata localizar o resto das mulleres agredidas, demostrar as agresións e facer xustiza.





LA RAMPA

España, 2023

Duración: 14 minutos

Director: Juan Fernando Andrés Parrilla

Reparto: Enrique Simón, Laura Lafuente,
Lola Isla Faro

Xusto acaba de alugar un piso para vivir coa súa neta Lola, unha moza con parálise cerebral, á que coida desde hai anos. Pero na porta do edificio hai unha gran escaleira que obriga a Xusto a tomar en brazos a Lola para que poida tomar o autobús que a leva ao colexio, montando todos os días un gran atasco e moito escándalo. Ademais, a idade e acháquelos dificultanlle cada día máis a tarefa. A mellor solución sería a instalación dunha rampla. Así que decide presentarse nunha reunión da súa comunidade de veciños para pedir que a instalen.

Xoves

21

17.00 h.

AS CURTAS TAMÉN SON CINE
Vello Cárcere

Xoves

21

17.00 h.

AS CURTAS TAMÉN SON CINE
Vello Cárcere

LENTEJAS


España, 2022


Duración: 8 minutos

Director: Jose Antonio Campos Aguilera

Reparto: Santiago Molero, Rebeca Plaza,
Malena Gutiérrez, Teresa Hernando

Lentellas: se queres, cómelas e se non,
as deixas.





MADRES CAMIONERAS

España, Inglaterra, 2022

Duración: 15 minutos

Directora: Paula Romero

Off: Lisa Melbourne

Mothertruckers é unha curtametraxe documental que expón unha mirada diferente á historia pouco representada das mulleres camioneiras. Ambientada despois do *Brexit* e durante a crise do transporte e do combustible no Reino Unido, aborda o conflito de ser muller nunha profesión dominada por homes. Á súa vez, explora a idea romántica de atopar a liberdade na estrada en contraste co duro e pouco convencional estilo de vida. En *Mothertruckers*, Lisa transporta o público ao seu mundo creativo, utilizando a cabina do camiión como vehículo para combinar o realismo documental coa ficción, e ofrece unha visión orixinal e pouco representada en pantalla sobre o día a día das mulleres camioneiras. A través da animación e a voz en *off*, Lisa narra o seu impulso para escapar dun sistema produtivo ao bordo do colapso económico, evocando os mundos postapocalípticos que a autora imaxina e escribe. Ademais, este filme explora os límites do humano nun mundo mecanizado e produtivo, xogando con diferentes efectos e elementos que interveñen a realidade mentres expón un cambio sobre unha mirada estereotipada e tradicional da profesión. Se algunha vez te preguntaches como é ser unha camioneira, entón: «senta, abrocha o cinto e goza da viaxe».

Xoves

21

17.00 h.

AS CURTAS TAMÉN SON CINE
Vello Cárcere

MADRESELVA

España, 2023 / Duración: 22 minutos

Directora: Nata Moreno

Produtora: Kokoro Peliculas-Paciencia Films

Reparto: Marian Salas, Vito Sanz, Estefanía de los Santos, Luis Tosar

Celia (35) é unha muller que vive encerrada no seu negocio, unha antiga tenda de licores, e no seu matrimonio con Ramón. Todos os seus días son iguais, limpando, regando as súas plantas e mirando pola xanela coa arela de que alguén chegue e cambie o seu destino. Hoxe é outro día igual que o de onte coa diferenza de que Ramses, un desgraciado vaqueiro con sede de vinganza, irromperá na vida de Celia coa intención de saldar unha antiga conta con Ramón. Ramses cambiará o destino de Celia, que, movida polos feitos, se atreverá por fin a abandonar a súa vida de fastío e escoitar os seus desexos máis profundos.


MESA PARA 3

España, 2022 / Duración: 13 minutos

Directores: Alvaro G. Empresa, Meka Ribera

Produtora: Grupo Idex-Stoller Europa

Cinco amigos acoden a cear a un restaurante de nivel. Ao chegaren, descubren que a mesa reservada, inicialmente para cinco persoas, é agora unha mesa para tres. Unha situación imprevista que porá a proba a amizade, e os vinculos existentes dentro deste grupo de amigos.





MI CRIATURITA

España, 2022

Duración: 17 minutos

Director: Alvaro Laguna Durán

Reparto: Clara Ingold, Pedro Brandariz

Flor e Guido viven tranquilamente nunha cabana en metade do bosque. Esta tranquilidade verase truncada cando Flor chega de recoller cogomelos co feto dunha estraña criatura que esperta nela un sentimento de maternidade longamente reprimido.



OSITO

España, 2023

Duración: 11 minutos

Directores: Alberto Enrique Pons, Sergio González "Suko"

Reparto: Carlos Iglesias, Lourdes Mohedano, Aitana Bergua

É un gran día. Serafin coñecerá á súa nova neta e decide regalarlle o osiño máis grande e bonito do mundo.

Venres

22

17.00 h.

AS CURTAS TAMÉN SON CINE
Vello Cárcere

Venres

22

17.00 h.

AS CURTAS TAMÉN SON CINE
Vello Cárcere

OTRO DÍA MÁS

España, 2023

Duración: 9 minutos

Director: Juan Carrascal Yuigo

Reparto: Teresa Arenas, Nano Carrascal, Marialu Marcial, Nena Carrascal

Un día máis na vida de Teresa, unha muller de 96 anos, e de Nano, o seu fillo que a coida con amor e dedicación.

POCOS BUENOS Y SEGUROS


España, 2022

Duración: 22 minutos

Directores: Alex Paya, Gorka Lasasaosa

Reparto: Pau Poch, Biel Montoro, Alex Moreu, Albert Adriá

Miguel é un preso común que cumpre condena na prisión de Carabanchel (Madrid) en 1975. Na súa procura da liberdade e fuxindo da alienación da contorna penal, acabará alentando a primeira acción que tivo lugar nos cárceres españois para chamar á mobilización dos presos comúns.






NI A SOL NI A SOMBRA

España, 2022 / Duración: 7 minutos

Directora: Talia Hernando

Reparto: Yannick Vergara, Xabi Ortuzar,
Unax Ayden

Nerea aparece desorientada no medio do bosque. Un home pide matrimonio, pero Nerea non reacciona ante a súa petición. El anima a Nerea a que o siga polo bosque. Tras unha tensa discusión, descúbrase o verdadeiro motivo polo que ela está alí. O home é en realidade a súa exparella e non lle devolveu o fello que ambos teñen en común.



TU TIJERA EN MI OREJA

España, 2023 / Duración: 12 minutos

Director: Carlos Ruano

Reparto: Miguel Angel Muñoz, Kuni Tomita

Buscando desesperadamente un lugar onde cortar o pelo a noite antes da súa voda, un cliente elegante entra nun salón de peiteado de barrio. O que non espera é que o perruqueiro o recoñeza como unha persoa moi importante do seu pasado.

Sábado

23

17.00 h.

AS CURTAS TAMÉN SON CINE
Vello Cárcere

Sábado

23

17.00 h.

AS CURTAS TAMÉN SON CINE
Vello Cárcere

TWERKING

España, 2023

Duración: 14 minutos

Directora: Rebeca Ramón Pardo

Reparto: Camila Bossa, Laura Núñez,
Leira Rodríguez, Marcos Castro,
Sergio Abelaira, Ismael Longueira

Elsa é unha moza de catorce anos á que lle gusta Javi, que ten catro anos máis ca ela. Elsa está coa súa amiga Romina no parque cando chega Javi cos seus amigos e a convidan á casa dun deles a matar o tempo. Romina rógalle que non acepte, pero Elsa non entende por que ten que ter medo de ir con Javi a calquera sitio. Na casa de Luís, Javi dille a Elsa que lles ensine o baile que vai facer para fin de curso, un *twerking*. Luís convidaa a unha cervexa. Elsa aínda non bebe, pero acepta por presión de Javi e maréase un pouco. No medio do baile, Javi bícaa, pero entón nota que alguén lle toca o cu, e non é Javi.



Sábado

23

17.00 h.

AS CURTAS TAMÉN SON CINE
Vello Cárcere

NUNCA PENSÉ

España, 2022 / Duración: 10 minutos

Dirección: Abraham Céspedes

Asistente de Dirección: Natalia Romera

Guión: Abraham Céspedes

Producción: Abraham Céspedes

Reparto: Miguel Hernández, Marc Sánchez, Izan Sánchez, Ivan Martínez, David Salmerón, Leandro Escduero, Sergio Padrón, Silvestre Garcés, Estela Mayor, Alumnos Colegio - Alumnado 4ºA Valores (CEIP Victoria Loja)

Diego, un mozo estudante atrapado nas gadoupas dos compañeiros que o acosan a diario, debe tomar unha decisión que cambiará a súa vida para sempre.



EL CRÉDITO

España, 2022 / Duración: 20 minutos

Director: Alex Escudero

Productora: Ecir Films S.L.

Reparto: José Sacristán, Carlos Bigorra, Amaia Salamanca, Ben Vinnicombe, Manuel Galiana

O Dr. Peláez, un home exemplar como poucos, quere contratar un cuantioso crédito bancario. Vidal, o director do banco, sorpréndese cando, malia a importante profesión do seu futuro cliente, non cumpre os requisitos necesarios. Con todo, en Nadal ás veces os milagres poden ocorrer.





CINE GALEGO

Vello Cárcere - 19.00 h.

(Practicamente a totalidade das curtametraxes que se presentan nesta Sección da Semana de Cine obtiveron premios nos máis importantes festivais de cine de todo o mundo. Para non influir no espectador á hora de emitir o seu voto para elixir a mellor curta, o Xurado de Selección e o Comité Organizador, decidiu omitir aquí os Festivais e Premios obtidos por cada unha das películas que se presentan).



0+10

Galicia, 2022 - Documental Experimental

Duración: 4 minutos

Directora: Cristela Torres

A memoria é o que nos define pero tamén pode esvaecerse co tempo. É paradoxal como o bo prescribe rápido e o malo perdura máis na nosa memoria. Ás veces necesitamos ser valentes, volver á orixe e facernos preguntas difíciles en busca de respostas que se volven imprescindibles para tomar decisións sobre o camiño que debemos seguir. Como se dun autorretrato se tratase, a creadora e protagonista desta obra audiovisual vive unha viaxe no que fai unha profunda análise e coñece a urxente necesidade de atopar respostas.

A MALETA DE EVA

Galicia, 2022

Duración: 12 minutos

Director: Federico A. Rioboo

Reparto: Serxio Domínguez, María Lado

Lois sofre un accidente que desorganiza a súa vida. Como consecuencia deste suceso inesperado, descobre que a súa muller quere abandonalo.

Luns
18
19.00 h.

CINE GALEGO
Vello Cárcere

Luns
18
19.00 h.

CINE GALEGO
Vello Cárcere

ALICIA FAI COUSAS

Galicia, 2023 / Duración: 25 minutos

Director: Angel Santos

Reperto: Monica Sueiro, David Alonso,
Ana Álvarez, Verónica Castellano,
Amanda Domínguez, David Folgueira,
Rosa Gómez, Brais Graña

Alicia está obsesionada. Metéuselle na cabeza que é aburrida, ou que está aburrida, ou quizais simplemente que todo é aburrido. Nós seguimola na súa obsesión mentres se prepara para un *casting*, pensa se apuntarse a algún curso ou dúbida en ir ou non ir a unha festa.

AMOR VIAXEIRO


Lugo, Galicia, 2022 / Duración: 6 minutos



Directores: Alba González,
Miguel Bouzas López

Produtora: TIC, Servicios Audiovisuais Lugo

Reperto: Aitana Guerra, Estrella Naseiro,
Rocio Álvarez, María del Carmen de Uerto

A avoa de Uxía perdeu a memoria. Con todo, unhas vellas fotografías dunha viaxe da súa mocidade parecen traerlle bonitas lembranzas. Uxía, seguindo os pasos da súa avoa, percorrerá os lugares das fotografías para tentar axudala e descubrir que é o que a fixo tan feliz e, a pesar de todo, non foi capaz de esquecer.





MARTÍN

Galicia, 2022 / Duración: 10 minutos

Director: Álvaro Vargas

Produtora: 60 Ráfagas

Reparto: Martín Espantoso

Martín, logo de residir en diferentes cidades, vai vivir á casa de aldea do seu avó recentemente falecido, onde pasaba os veráns da súa infancia. Atópase coa soidade e cunha rutina da que non consegue saír. Resultalle complicado coñecer a nova xente nunha contorna practicamente despoboadada. Por iso, a súa única vía de contacto con outras persoas son as aplicacións para mocear, onde consegue unha cita para esta noite.

CARA NO RECONOCIDA. VUELVE A INTENTARLO

España, 2022

Duración: 9 minutos

Directoras: Sonia e Miriam Albert Sobrino

Reparto: Whitney Palmer

Abandonada no medio do rural galego unha muller debe sobrevivir tras descubrir que a súa cabeza foi encofrada con cemento.

Luns
18
19.00 h.

CINE GALEGO
Vello Cárcere

Luns
18
19.00 h.

CINE GALEGO
Vello Cárcere

DRAG A2


Galicia, 2023

Duración: 7 minutos

Directora: Susana Macedo

Drag A2 é un documental que narra de forma dinámica as historias de Javier Sánchez, coñecido artisticamente como Meiga-i, personaxe creado por Javier hai non moito tempo que nace da combinación do folclore e da cultura tradicional galega co transformismo, e grazas ao cal puido darse a coñecer e facer o que máis lle gusta, que é cantar, actuar e facer *drag*. Doutra banda, temos a Cristian de Samil, un referente *drag* na cidade de Vigo que leva décadas facendo transformismo e que tivo que pasar por varios cambios na sociedade.





COMPañEiROS

Galicia, 2022

Duración: 19 minutos

Director: Fernando Tato

Reparto: Pedro Brandariz, Adrián Castiñeiras

Dous antigos compañeiros de colexio atópanse despois de trinta anos. O que parece unha casualidade vaise turbando, para converterse nunha situación cada vez máis e máis estraña.

CANDO O TEMPO ACABE

Galicia, 2022

Duración 14 minutos

Director: Miguel Gómez Abad

Reparto: Alba Loureiro, Fran Nogueira, Markus de Castriz, Miguel Torres, Ana Alonso

A Terra non se asemella en nada ao que era. Os devastadores efectos dunha grave crise climática decimaron a poboación e deixaron o mundo nos seus cimentos. Elba, unha brillante científica de carácter árido pero valente, tentará resolver un erro do seu pasado a calquera custo. O tempo e os elementos xogan na súa contra e será empurrada alén do límite da súa xa crebada fortaleza física e mental.

Martes

19

19.00 h.

CINE GALLEGO
Vello Cárcere

Martes

19

19.00 h.

CINE GALEGO
Vello Cárcere

EFECTOS SECUNDARIOS

España, 2022 / Duración: 20 minutos

Director: Manuel G. Bonome

Reparto: Tania Villamarín, Alberto Casal, J. Ramón Mosquera, José A. Martínez Feal, Finy Sismonde, Patricia Yañez

Antonio, un home maduro e elegante, fala por teléfono coa súa amante Nuria, unha muller nova e explosiva. Esta di que lle ten preparada unha sorpresa: cumprirlle a súa maior fantasía sexual. Ante o nivel de dificultade que ese soño esixe para el, decide recorrer á axuda dunhas pastillas. Cando por fin se atopan, o resultado será imprevisible e meterá a Nuria nuns problemas dos que lle custará saír.

ESCOLA SECUNDARIA DE TERROR


Galicia, 2022 / Duración: 5 minutos

Directora: Elena Goñi

Reparto: José Iglesias Amoedo, Teresa Garrido, Elena Goñi

Tres estudantes quedan encerrados no instituto. Saír do edificio converterase nun pesadelo. *Horror High School* é unha homenaxe ás películas de terror adolescente.





SANDWICH CAT

Galicia, 2023 - Animación

Duración: 10 minutos

Director: David Fdalgo

Un día normal. David está deitado no sofá vendo a súa serie favorita: unha fantasía cristiá, mentres Sandwich Cat está a facer o seu. David vai ao baño...e cousas estrañas comezan a suceder, como tremores e apagamentos. Cando sae do baño, unha luz intensa cóbreo todo e David cae ao chan desmaiado. Acorda cos lambidos de Sandwich Cat. Érguese e senta no sofá, aínda un pouco aparvado, cando escoita unha voz estraña. Dáse conta de que é o gato quen lle está a falar. No medio da incredulidade e estupefacción de David, Sandwich Cat explicase a si mesmo: é un extraterrestre que intercambiou mentes co seu gato. Pasará un día con David e, dependendo do que observe e oia, decidirá se destrúe ou non a especie humana. David, como era de esperar, vólvese tolo.

Martes

19

19.00 h.

CINE GALEGO
Vello Cárcere

Martes

19

19.00 h.

CINE GALEGO
Vello Cárcere

LONXE DA CASA

Galicia, 2023

Duración: 4 minutos

Director: Yoel Rodríguez

Reperto: Teresa Garrido

Teresa é unha adolescente peruana que estuda o bacharelato en Galicia e se sente soa. A súa familia non poderá voar desde Perú a España para celebrar con ela o Nadal debido á crise política do país. Ante esta situación, os seus compañeiros de clase deciden mostrarlle a súa solidariedade.

A RABIA

Galicia, 2022

Duración: 16 minutos

Director: Alberto Díaz Lopez

Reperto: Zoe García de la Torre, Samu Piñeiro Duran, Antonio Duran "Morris", María Vazquez, Xose Antonio Touriñán, Gemma do Carmo


A vida de Filomena esta tinguida de pobreza e dunha triste sombra de calamidade e tormento. Os terribles acontecementos da súa infancia, nunha aldea galega de finais do século XIX, marcarán o carácter da súa existencia. A pesar de todo, terá oportunidade de cambiar o seu destino?

IES Valadares presenta
Lonxe da casa
Unha curta de Yoel Rodríguez



Música de Uxia Parga

Interpretado por Teresa Garrido





MADIA LEVA

España, 2022

Duración: 4 minutos

Directora: Beatriz Rivero

Reparto: Beatriz Torres, Catuxa Marra

Tras moitas horas de traballo na barra dunha discoteca, unha galega e unha andaluza, compañeiras de traballo falan das súas frustracións e o seu cansazo con refráns típicos da súa terra. Ambas falan do mesmo en idiomas distintos. O cansazo e o compartir cigarro lévalles a reconectar coa súa raíz. Esa que tanto estrañan.



MALLA

Galicia, 202

Duración: 17 minutos

Director: Adrián Díaño

Produtora: Díaño Films

Reparto: Juan Luis Lage

Victor regresa á súa aldea natal na procura de atoparse a si mesmo. Illado e perdido na súa propia mente, necesita con urxencia dunha rede que o saque das profundidades. Unha persoa axudalle a tirar desa rede mergullada nas augas do río Miño.

Mércores

20

19.00 h.

CINE GALEGO
Vello Cárcere

MARIVÍ, NA PEL DA MEMORIA


Galicia, 2022

Duración: 14 minutos

Directores: Coral e Laura Piñeiro

Unha carta a Mariví Villaverde, filla do alcalde republicano da vila onde nace a remitente, que con 14 anos se ve obrigada a exiliarse por culpa do golpe de Estado. Teñen as súas vidas algo que ver? Este relato reflexiona sobre a importancia da memoria histórica a través das vivencias da súa protagonista.





MORRIÑA

España, Galicia, 2023

Duración: 7 minutos

Director: Pablo Maeiro

Reparto: Oriana Tesoro, Leandro Arboleda, Daria Zarkharova, Porfiria Montoya

Baixo unha gran nube gris nun día de chuvia, Porfiria (72 anos), venezolana radicada en España, e Oriana (22 anos), *influencer* tamén venezolana e nai solteira, cociñan xuntas arepas mentres esperan a chegada de Daria (27 anos), unha médica ucraína, e Leandro (26 anos), colombiano e apaixonado pola música. Son catro persoas completamente distintas pero que comparten a experiencia de deixar a súa terra atrás para empezar unha nova vida noutro país, con culturas, persoas e mesmo idiomas diferentes. Cada un amósanos un anaco da súa vida e o longo percorrido ao que se enfrontaron desde o momento en que chegaron ata a actualidade. Entre anécdotas, lembranzas, boas e malas experiencias, risas e, sobre todo, moita comida, intercambian entre eles as súas historias e o impacto que supuxeron na súa nova vida. A todos eles úneos a lembranza, a nostalxia e a propia morriña que senten polo seu país, o recordo daqueles días nos que gozaban das súas raíces e da vida que tiveron que deixar tempo atrás.

Mércores

20

19.00 h.

CINE GALEGO
Vello Cárcere

MORTE E O MEU AVÓ

Galicia, 2023 / Duración: 15 minutos

Director: Gon Caride

Reperto: Ada Oliveira, Xurxo Rodríguez

Morte e o meu Avó é unha curtametraxe de narrativa diverxente que habita entre a ficción e o documental para propoñernos unha reinterpretación da figura da Morte. Desde a inxenuidade dun adulto que nunca perdeu un ser querido, enfróntanos a unha reflexión sobre a ausencia, o engano da memoria e a fantasía da infancia.

NENA


Galicia, 2023 / Duración: 15 minutos


Directores: Xosé A. Touriñán, Jairo Iglesias

Produtora: Mordisco Films

Reperto: Antía Touriñán, Xosé A. Touriñán, Carlos Blanco, David Perdomo, Noemi Rodríguez, Patricia Castrillón, Sergio Zerraeta, Andrés Mahía, Octavio Villazala, Rubén Prieto

Unha familia de cinco membros cambalea tras a morte dunha muller: nai, esposa, nora, cuñada... Unha situación que rompe o núcleo familiar e o deixa baixo a responsabilidade dunha nena de doce anos. Un avó máis preocupado polo diñeiro que polo afecto. Un tío cun gran corazón de neno, pero cunha discapacidade intelectual. Un pai esnaquizado polo loito e refluxiado na bebida. Unha nena que ante a falta de capacidades ao seu arredor, asume un rol imposto e leva ás súas costas a supervivencia de tres homes.





O CRISTO DA AGONÍA

Galicia, 2022 / Duración: 15 minutos

Director: Jon Brandariz

Reparto: José Brandariz Rodríguez

José é un vendedor ambulante desordenado e caótico que sufriu un duro golpe emocional. Agora, debe atopar o seu camiño e poñer a súa vida en orde.

O NENO SARDIÑA

Galicia, 2022 / Duración: 13 minutos

Directora: Lucía Estevez

Produtora: Cós mica Producións

Reparto: Miguel Canalejo, María Vázquez, Fran Martínez, Camila Bossa, Carmen Blanco, Cristina Andrade, María Roja

Nun punto sen determinar do Río Miño, seica polo norte de Galicia, un neno-sardiña cruza a corrente deixando atrás as persoas que festexan o seu enterro pola fin do Entroido. Descoñécese que provoca a súa transformación, pero din que os ollos máis atentos poden captar de preto a humidade na súa pel. A súa existencia está confirmada polos máis escépticos da zona. Ninguén no lugar ten dúbidas.

Xoves

21

19.00 h.

CINE GALEGO
Vello Cárcere

Xoves
21
19.00 h.

CINE GALEGO
Vello Cárcere

O QUE TIRAS AO MAR

Galicia, 2022

Duración: 15 minutos

Director: Federico A. Rioboo

Reparto: Serxio Domínguez, Toño Casais

Antón sae do cárcere para coidar do seu pai na aldea. Lois, sobriño do home que Antón atropelou e matou conducindo ebrio anos atrás, só pensa en vingarse del.

OLLAR O MONTE VERDE

Galicia, 2023



Duración: 22 minutos



Director: Adrián J. Bermúdez

Produtora: Chiripa Producciones

Reparto: Xavier Estevez, Manuel Varela

Tras a morte da súa nai enferma de Alzheimer, a vida de Luís crébase en anacos. Na procura de reencontrarse con asuntos do pasado e consigo mesmo para reconstruír o presente, viaxa co seu irmán Suso á casa na que viviu a súa nai.





OS VESTIXIOS

Galicia, 2022 / Duración: 20 minutos

Directora: Rosa Taboada

Reparto: Melania Cruz

«Vestixio», do latín *vestigium*, significa «rastro, descanso», pero tamén «investigar». A través de imaxes de gran beleza poética, a Guiónista e directora Rosa Taboada recrea toda a atmosfera escurantista dun período da historia do noso patrimonio relixioso e, ao mesmo tempo, dálle continuidade no tempo presente. A curtametraxe comprométese a describir en primeira persoa as sensacións interiores que se experimentan ao entrar nos espazos do templo por primeira vez pola noite, sen visitantes, tratando de atopar as pegadas e vestixios do Reino Medieval que sobreviviron ata os nosos días.

PSICODUCHA

Galicia, 2022 / Duración: 4 minutos

Director: Yoel Rodríguez

Reparto: Blanca Silveira, Alejandro Ibarra

Nun monte de Vigo apareceu o corpo sen vida dunha muller. A policía baralla a hipótese de que sexa outra vítima dun asasino en serie.

Psychoshower é unha homenaxe a Hitchcock e á famosa escena da ducha de Psicose.

Xoves
21
19.00 h.

CINE GALEGO
Vello Cárcere

Venres

22

19.00 h.

CINE GALEGO
Vello Cárcere

PUNTOS SUSPENSIVOS

Galicia, 2022 / Duración: 6 minutos

Directora: Marta Mariñas Marzoa

Reparto: Antía Vidal, Artur Abad

Nunha cafetería, Artur e Antía chatean nos seus móbiles. A *storie* dunha amiga de ambos nunha rede social desencana-deará unha forte discusión sobre a empatía, a soidade e a influencia das redes sociais nas súas vidas. Unha historia de enganos... e desenganos.



QUEN SON?

Galicia, 2022 / Duración: 8 minutos

Directora: Belen Ocampo

Reparto: Alexandro Fernández,
Ania Montero

Unha persoa desdóbrase para dialogar consigo mesma e explorar a súa identidade. A parte luminosa dun ser humano enfróntase á súa parte escura; esa que habita nas sombras e que acubilla o monstro que todos levamos dentro. *Quen son?* rende tributo ao espírito romántico; unha curtametraxe que transita pola tortuosa senda que percorreron Frankenstein e Drácula.





A ROSA INCANDESCENTE


Galicia, 2022 / Duración: 27 minutos

Director: David Vázquez

Reparto: Alba López, Clara Vázquez, Chicho Carballid

Produtora: Pinancho Audiovisuais

Rosalía de Castro guíanos nesta curtamente traxe polo seu universo literario, presentándose a si mesma como unha muller determinada a facer unha carreira literaria na que desenvolver a súa liberdade de pensamento e creación. As imaxes, os sons de ambiente, a música e os textos da autora interpélanos directamente para ofrecer unha imaxe renovada da poeta nacional de Galicia.



SOLPOR

Galicia, 2022 / Duración: 15 minutos

Directora: Susana Alba

Reparto: Juan Paredes, Mónica Caamaño, Gema González, Isabel Rodríguez

Un home de mediana idade vive no seu vehículo tras quedar sen traballo e afastarse da súa familia.

Despois dun tempo vivindo nesa situación, o mesmo home empeza a quedar sen recursos para poder comprar os alimentos necesarios para vivir. Por se fose pouco, o vehículo comeza a dar fallo e non arrinca por máis que o tenta. Tras estes incidentes, comeza a reformularse o volver a casa e tomar desta forma as rendas da súa vida.

Venres

22

19.00 h.

CINE GALLEGO
Vello Cárcere

Venres

22

19.00 h.

CINE GALEGO
Vello Cárcere

SOMNIA

Galicia, 2022 / Duración: 9 minutos

Director: Diego R. Aballe

Reparto: Toni Meler, Judit Costa

Un fotógrafo que vive nun hotel de estrada accede en segredo, todas as noites, ás habitacións de novos hóspedes para sacarlles fotos mentres dormen. *Somnia* fálanos da distancia, da perda da calor humana e a súa desesperada procura, do real e o imaxinario, da des-humanización e do esquecemento.

DODO

Lugo, 2023 - Fin de Curta

Duración: 5 minutos

Codirección: Xacobe Bruña e Elías Pérez

Guión: Xacobe Bruña e Elías Pérez

Reparto: Elías Pérez Alvariño, Teo Gómez Alonso, Ramón Fernández González e Xacobe Bruña Alonso

DoP: Xacobe Bruña e Román Pereira


Son: Román Pereira

Banda sonora orixinal: Román Pereira e Elías Pérez

Montaxe: Xacobe Bruña

Dodo xira en torno a tres personaxes que se atopan dentro dun universo inmersos nun bucle. Cada vez que unha persoa entra neste universo, un elemento introdúceos no bucle multiverso, intercedendo así no seu futuro.





ULISES

Galicia, 2022

Duración: 24 minutos

Director: Félix Brixel

Reparto: José Luis “Trinky”, Diego Anido,
“Flako” Estévez

Nunha casa, pequena e illada nunha zona montañosa, Loto cuida do seu irmán Ulises, que sofre un grave trastorno psicomotor que lle dificulta os movementos. Están completamente sós, non teñen nin un pasado nin un futuro diferente á actividade diaria de Loto para sobrevivir e protexer o seu irmán. Un día Ulises desaparece. Loto búscalo desesperadamente no bosque ata que o atopa tratando de enterrarse vivo. A partir de entón, Ulises pasa os seus días en cama rexeitando as atencións do seu irmán. Loto, desemparedado, xa non sabe que facer para coidar del. Unha mañá, un vendedor ambulante chama á porta. Vende peixe e corazóns. Loto, por compaixón, cómpralle medio corazón e convidao a pasar a noite na casa. Pola mañá, Ulises decide irse co vendedor. Ulises e o quincalleiro camiñan pola estepa. Ulises ofrécelle o seu corazón. O vendedor ambulante abandona o lugar e ao cabo dun intre decide enterrar o corazón. Da terra comeza a brotar auga.

Sábado

23

19.00 h.

CINE GALEGO
Vello Cárcere

Sábado
23
19.00 h.

CINE GALEGO
Vello Cárcere

VERBAS E MEMORIA. MIÑA TÍA ELENA

Galicia, 2022 / Duración: 26 minutos

Director: Breixo Llano Caldeiro

Curtametraxe documental no que se narra, mediante as palabras de Elena, diversos aspectos da vida cotiá na Galicia da súa mocidade. Dividido en cinco partes, é un retrato do mundo rural a través do tempo; con records sobre o clima, a igrexa, a emigración, a escola ou as festas da parroquia.

ÁGAPE

Galicia, 2022 / Duración: 27 minutos

Directores: Patricia Villalon, Victor Couto


Produtora: Inés Casal

Reparto: Arantxa Treus, Yolanda Lorenzo, Fernando Rivas, Yelena Molina, Noemi Blanco, Maite González.

Marah goza dunha vida tranquila nunha vila onde comparte todo cos seus veciños. Coa chegada da súa filla Enia, a primeira nena que coñecen os seus habitantes, as cousas complicanse e a paz do pequeno paraíso vese comprometida. Mentres a nena medra, as preguntas que lle suxire o mundo que a rodea poñen en alerta a toda a vila. Os veciños comezan a comportarse de forma estraña e os impulsos humanos máis pasionais, ocultos ata daquela, comezan a aflorar. Marah trata de poñer fin ao seu dilema moral e comprender que é o que está a suceder realmente.



2022.





PORTAS

Lugo, 2023 - Fin de Curta

Duración: 5 minutos

Feito por: Desviadas

Dirección, Guión, Son, Cámara: Aila Álvarez Brito, Elba Penas Goy, Uxía Calviño López, Area López Franco.

Reparto: Uxía Calviño López, Antón Calviño López, María Rosana López Álvarez, Area López Franco, Aila Álvarez Brito, Elba Penas Goy.

Un grupo de amigas está a facer unha curtametraxe cando lles entra a fame. Mais ninguén esperaba que cando unha delas fose buscar uns froitos secos, esta recibiría unha mensaxe estraña que a levaría a unha viaxe por todo o multiverso. A rapaza visitará varios universos paralelos, cada un máis raro que o anterior, onde as súas amigas se comportan de formas estrañas. Que está a pasar?

Sábado

23

19.00 h.


CINE GALEGO
Vello Cárcere



PORTUGAL

TAN CERCA TAN LONXE
TAN CERCA TAN LEJOS
TAN PERTO TAN LONGE

Biblioteca Provincial - 18.00 h. / 20.00 h.



JÁ NADA SEI

Portugal, 2023

Duración: 94 minutos

Director: Luis Diogo

Fotografía: Pedro Farate

Reparto: Duarte Miguel, Ana Aleixo Lopes

Ricardo e Ana son elixidos para protagonizar un documental sobre as relacións de parella. Durante 15 días, o equipo do documental gravará os seus testemuños, así como os dos seus amigos, familiares e compañeiros de traballo, para tentar contar a súa historia de amor de 18 anos. O que ninguén sabe é que Ricardo quere deixar a Ana, pero non tivo o valor de facelo. O documental obrígalle a enfrontarse a esta realidade e, na súa procura de respostas, involucra a tres amigos moi próximos que comparten puntos de vista diferentes sobre a súa relación e o que debería facer. Con cada conversación, sintese aínda máis confundido.

Martes

19

18.00 h.

PORTUGAL (TAN CERCA TAN LONXE)
Biblioteca Provincial

VIDAS NA FRONTEIRA

Galicia, 2023

Duración: 86 minutos

Director: Francisco Xavier López Rodríguez

En pura xeografía física, non é fácil determinar por onde discorre a fronteira entre Bragança e Viñais, en Portugal, e Zamora e Ourense, en España. Se a mirada se centra na xeografía humana, tampouco resulta máis sinxelo. Unha raia deseñada polos caprichos e os intereses económicos e políticos, unha liña que cambiou en diversos momentos da historia, que foi e aínda é ignorada polos residentes dos pequenos lugares. Porque souberon transitar dos tempos do contrabando á libre circulación de persoas e mercadorías sen grandes traumas. Porque falan indistintamente galego, portugués ou castelán, sen dificultade nin presunción. Porque preferiron vivir ao abeiro do sentido común, con empatía e solidariedade, compartindo o que había. “Vidas na fronteira” busca recoñecer esas existencias rozando ás veces a miseria, rolando a miúdo o heroísmo.





JOSÉ LUIS ESPINOSA, O ESPÍO

ALFONSO PALAZÓN MESEGUER,
FILMÓGRAFO

JOSE LUIS ESPINOSA, O ESPÍA

España, Portugal, 2023

Duración: 67 minutos

Director: Alfonso Palazon

Fotografía: Juan Meseguer

Un novelista e un cineasta investigan a figura de José Luis Espinosa Pardo, militante activo das organizacións armadas revolucionarias durante o Franquismo e a Transición, que acabou, porén, sendo confidante dos servizos secretos do Estado. A súa actividade pasaría desapercibida se non fose polo fracaso do intento de asasinato de Antonio Cubillo, disidente canario e líder da organización armada MPAIAC. En 1988, foi condenado a 20 anos de prisión, por considerar probado o Tribunal Supremo que algunhas persoas non identificadas «pero que pertencían á policía» decidiron «desmembrar» a organización separatista MPAIAC e facer desaparecer o seu líder, Antonio Cubillo, refuxiado en Alxer. Segundo o xuízo, estas persoas «indeterminadas» ordenaron o asasinato de Cubillo a José Luis Espinosa Pardo, quen «fora e fixera case de todo: como carpinteiro, espía, membro do Partido Comunista da España marxista-leninista, militante cualificado da Fronte Antifascista Revolucionaria e Patriótica e Secretario Xeral da UXT de Murcia». Foi a primeira sentenza de terrorismo de Estado en España. Morreu o 20 de novembro de 2016.

Mércores

20

20.00 h.

PORTUGAL (TAN CERCA TAN LONXE)
Biblioteca Provincial

Xoves

21

18.00 h.

PORTUGAL (TAN CERCA TAN LONXE)
Biblioteca Provincial

O AMOR É AUGA QUE CORRE

España, Portugal, 2023

Duración: 7 minutos

Directora: Claudia Pineda Mesquida

Reperto: Clara Antelo, Brais Vila

Off: Mariana Nunes

Navia como unha forza que temos que escoitar para comprender os nosos ciclos, entendendo que non só está representada como unha Deusa externa, senón que é parte da nosa natureza interior.

A RAIÁ


Galicia, 2023


Duración: 7 minutos

Director: José Antonio Mena

Produtora: IES Audiovisual de Vigo

Entre finais dos anos 40 e principios dos 50, a Raia converteuse nun lugar de contrabando de produtos básicos, como o café, o azucre e o aceite entre o norte de Portugal e o sur de Galicia. Hoxe en día os nosos avós seguen lembrando aqueles tempos nos que o estraperlo era a única alternativa laboral á fame.





AUGA NAS GUELRAS

Portugal, 2022

Duración: 24 minutos

Director: Marco Schiavon

Produtora: ETNO

Fotografía: Marco Schiavon

A principios dos anos 90, un neno de 12 anos mudouse dunha gran cidade alemá a Faial, unha pequena illa perdida no océano Atlántico. Aquí o mar dá forma ao ritmo dos días, a natureza vive no profundo de cada habitante, o tempo corre como se estivese suspendido. Franz contén a respiración en apnea mergullándose nas profundidades. Inmerso no azul, o seu tempo interior dilátase e a súa alma pregúntase. Este ritual lévao a atopar unha conexión profunda coa illa, e unha vez crecido, á decisión de quedar e vivir unha vida de simplicidade ancestral. O fogar está nestas profundidades.

Xoves

21

18.00 h.

PORTUGAL (TAN CERCA TAN LONXE)
Biblioteca Provincial

Xoves

21

18.00 h.

PORTUGAL (TAN CERCA TAN LONXE)
Biblioteca Provincial

AMOREIRAS

Portugal, 2022

Duración: 15 minutos

Director: Pedro Augusto Almeida


Fotografía: Vasco Mendes


Son: Pedro Cruz

Reparto: Afonso Lopez, Alessandro Veiga, Dnies Fernández, Miguel Saa, Nuno Calado, Mario Oliveira

Produtoras: Blanca Ferreira, Jorge Dias, Mario Guilherme, Pedro Soares, Pedro Augusto Almeida

Verán de 2004. Tres nenos xogan á pelota nun aparcadoiro. Dous irmáns interfiren no xogo. Unha pelota.





A MUÑECA DE KAFKA

España, 2022 - Animación

Duración: 10 minutos

Director: Bruno Simoes

Inspirado nun mito non comprobado, A Boneca de Kafka é unha curta de animación que mestura feitos reais, ficción, fantasía e mito nunha única historia conmovedora sobre a perda.

Xoves

21

18.00 h.

PORTUGAL (TAN CERCA TAN LONXE)
Biblioteca Provincial

Xoves

21

20.00 h.

PORTUGAL (TAN CERCA TAN LONXE)
Biblioteca Provincial

ANTICLÍMAX

España-Portugal, 2023

Duración: 19 minutos

Director: Néstor Lopes, Óscar Romero

Produtora: Monos Filmakers

Reparto: Manolo Solo, Belén López,
Alicia Armenteros, Jorge Clemente

Xaime e Rocío son un matrimonio instalado na rutina; hai moito que a paixón que houbo entre eles desapareceu. Nunca falan diso abertamente, nunca foron capaces de confrontarse á realidade. Unha noite como calquera outra, quedan durmidos e empezan a soñar. Entón terán que confrontarse á verdade que non son quen de afrontar



EL MONO


España-Portugal, 2022 - Animación

Duración: 17 minutos

Directores: Xosé Zapata,
Lorenzo Deglino

Produtora: Sardinha em Lata

1588. Un naufrago da Armada Invencible enviada por Felipe II desde Lisboa para conquistar Inglaterra é capturado nunha praia de Irlanda. Alí é xulgado, declarado culpable e aforcado ata a súa morte. Todo sería moi razoable seguindo as leis da guerra e o odio entre os seres humanos. O problema é que o prisioneiro é un mono.





DIÁSPORA

Portugal, 2022

Duración: 29 minutos

Directora: Maria Dias

Fotografía: Lucas Rocha

Reparto: Natalia Castro, Maria Dias

Última parte da Triloxía de *Human Disposal* que comeza con *On Oblivion* e a incesante procura de resistencia nas brumas de Liquid Modernity. Logo lanzamos *(SUB)Imersa*, coa proposta de sacar a relucir a nosa memoria perdida. E agora aparece *Diáspora*, con imaxes capturadas en Pernambuco, Brasil e Portugal. A película narra a viaxe de autoconecemento de Bitita, un personaxe inspirado en Carolina María de Jesús. Na procura de raíces e de restablecemento de lazos ancestrais, *Diáspora* ten como elemento central as augas tranquilas e doces de ríos e fervenzas, onde se imaxina unha posible comunicación a través de espellos, que reflicten a mesma luz a ambos os dous lados do Atlántico.

Xoves

21

20.00 h.

PORTUGAL (TAN CERCA TAN LONXE)
Biblioteca Provincial

Venres

22

18.00 h.

PORTUGAL (TAN CERCA TAN LONXE)
Biblioteca Provincial

A COSTA DOS LANÇADOS

(LA COSTA DE LOS LANZADOS)

España, 2023 - Documental

Duración: 60 minutos

Dirección e guiión: Unai Aranzadi

Producción executiva: Txabi Anuzita

Cámara e edición: Unai Aranzadi


Música: Uniq, Alessandro Moreschi, Pond5

Producción a cargo: Independent Docs

Son e locución: Unai Aranzadi

Gráficos: Alex Orbe e Independent Docs

Os primeiros europeos que exploraron os ríos da África negra foron parias portuguesas expulsadas da Península Ibérica. Máis de cincocentos anos despois, outros homes, igualmente desesperados, realizan o mesmo traxecto, só que esta vez en sentido contrario.





RETROSPECTIVA IRMANS COIRA

Salón Actos Xunta de Galicia - 18.00 h. / 20.00h.



RETROSPECTIVA IRMANS COIRA

Falaban Pepe e Jorge das influencias que os levaron a dedicarse a isto de contar historias. Acordaron en que todo arrincou coa afección do seu pai polo cinema e por inmortalizar momentos coa súa cámara de Súper 8, cámara que xenerosamente prestaba aos seus fillos cando facían algunha viaxe; os outros fillos abandonaron aí a súa relación co mundo audiovisual, pero Pepe e Jorge foron máis teimudos...e aí seguen.

Houbo outro punto de acordo, a importancia para ambos da Semana de Cinema de Lugo nos seus anos de formación, asistindo a varias sesións cada día no estrañado Gran Teatro. Na Semana podíanse atopar películas ás que doutro xeito non poderías acceder. Para Pepe o fito está claro: “As regras do xogo”; Jorge non o ten tan claro, quizais “Óscar, Kina e o láser”.

A selección das películas desta retrospectiva pretende recoller fundamentalmente obras fóra dos circuitos máis comerciais: documentais (*Eloxio da distancia*, *A Seara*, *Beiras*, *vivir 2 veces*) e ficcións pouco convencionais como *18 comidas* ou *Eroski Paraíso*. Completa a selección a última película estreada en cinemas dirixida por Jorge e protagonizada polo tamén lucense Luís Tosar (*Código Emperador*).

Amparo Coira

FONMIÑA-SEMANA DE LUGO, agradece a colaboración e a inestimable axuda das seguintes entidades e persoas para a súa realización:

Amparo Coira, XUNTA DE GALICIA, Academia Galega do Audiovisual, CRTVG, Mar Carnero (Explotación Arquivo CRTVG), María Jesús López (CRTVG), Xaime Arias (CRTVG), FILMAX, Diana Piñeiro (Filmmax), Jesús Vecino (Filmmax), La Voz Audiovisual, VACA Films, OLLO VIVO, Baños Films, A Contracorriente, TicTac Producciones, ZircoZine, Lagarto Cine.

ELOXIO DA DISTANCIA

2008

Xénero: Documental

Duración: 83 min.


Dirección: Felipe Vega, Julio Llamazares

Guión: Felipe Vega, Julio Llamazares. Idea: Mario Crecente

Produción: Bren Entertainment

Produción executiva: Carlos Fernández e Xosé Manuel Barreira, Pepe Coira e Jesús Vecino

O documental describe un ano na vida dos habitantes da Fonsagrada, unha comarca lucense que vive lonxe do tempo urbano, no seu propio tempo. Preto e lonxe de toda a nosa chamada civilización. Un eloxio da distancia como forma de vida: sinxela, digna, esquecida. As catro estacións, recreadas con poderosa beleza plástica, nunha remota comarca da provincia de Lugo. Os cambios da natureza, pero tamén dos homes, vistos por unha cámara atenta aos menores matices. Tempo e espazo, eses dous inseparables elementos constitutivos de toda dramaturxia cinematográfica, conxúganse para trazar un cadro intensamente poético dun mundo en declive.



Martes

19

20.00 h.

RETROSPECTIVA IRMIÁNS COIRA
Salón Actos Xunta de Galicia

18 COMIDAS

2010

Xénero: Comedia. Drama

Duración: 101 min.

Dirección: Jorge Coira

Guión: Jorge Coira, Araceli Gonda,
Diego Ameixeiras

Intérpretes: Luis Tosar, Juan Carlos Vellido,
Victor Clavijo, Esperanza Pedreño


Música: Piti Sanz, Iván Laxe


Fotografía: Brand Ferro

Producción: Tic Tac Producciones, ZircoZine,
Lagarto Cine

Unha viaxe a través de dezaoto comidas entre almorzos, xantares e ceas que nos fan participes deses momentos que poden cambiar unha vida. Unha ducia de historias ao longo dun único día de ficción. Historias que bailan entre a poesía do cotián e os terremotos dos grandes cambios. E estas historias, como acontece na vida, teñen un percorrido imprevisible. Porque esta é unha película de improvisación.

Palmarés: Premio á Mellor Dirección para Jorge Coira no Festival Internacional de Taormina (Italia, 2010). Mención especial ao reparto do filme, por parte do Xurado do 15 Festival de Cine Internacional de Ourense (2010). Premio á Mellor Película e Premio do Público no Festival CineEsCena (2011). Premio Mestre Mateo á Mellor Longametraxe, en 2011. Premio Especial do Xurado na Bienal de Annecy (Francia). Premio á Mellor Película no Duoro Film Harvest (Portugal).





A SEARA

2016

Xénero: Documental

Duración: 82 minutos

Dirección: Pepe Coira

Guión: Pepe Coira & GAU (Jorge Gómez Cereijo, Alberte González Rodríguez, Manuel López Guitár, Jorge Salvador Fernández)

Música: Eudemónicas

Fotografía: Jaime Pérez

Produción: A Fonsagrada produccions,
Televisión de Galicia (TVG)

O documental *A Seara* recolle a transformación deste núcleo desde a súa rehabilitación, así como a impresión tanto de arquitectos como de veciños, unha vez transcorridos máis de doce anos. A Seara, unha pequena aldea do Courel situada ao pé do pico de Formigueiros, foi obxecto dun proceso de rehabilitación. Tratábase de actuar sobre aquel núcleo para preservar o seu carácter urbanístico e arquitectónico e, con isto, contribuir a revitalizar un lugar que, coma tantos outros, estaba en risco de esmorecer.

Para levar o proxecto adiante, era imprescindible a complicidade dos veciños, que habían de asumir unha parte do custo da rehabilitación. Aquel proceso tivo lugar entre 1999 e 2004. Dez anos despois, os seus protagonistas —os habitantes da aldea, os arquitectos do estudo Gau—rememoran aquela experiencia que os marcou e que marcou a vida da Seara. É unha experiencia con luces e sombras. Non todo saíu ben. Non se garantiu que no futuro —o noso presente— non se fose estragar moito do conseguido entón. Non se acadou para *A Seara* o obxectivo de que fose declarada conxunto de interese etnográfico. Por outra parte, hoxe *A Seara* amosa unha face ben máis atractiva que as máis das aldeas da contorna.

Mércores

20

20.00 h.

RETROSPECTIVA IRMIÁNS COIRA
Salón Actos Xunta de Galicia

EROSKI PARAÍSO

2019

Xénero: Comedia. Drama

Duración: 75 min.

Dirección: Jorge Coira, Xesús Ron

Guión: Xesús Ron, Miguel de Lira, Manuel Cortés, Patricia De Lorenzo. Obra: Chévere

Intérpretes: Patricia De Lorenzo, Miguel De Lira, Cris Iglesias, Ana Santos, Federico Pérez


Música: Xavier Font

Fotografía: Lucía C. Pan

Produción: OlloVivo Produccións,
Chévere Visión

Álex, unha nova cineasta, quere filmar un documental sobre os seus pais, que se coñeceron en Muros na sala de festas Paraíso, en 1989. Ela tiña 19 anos, el 25. Como tantas outras familias, emigraron e andaron aos tombos dun lado para o outro, deixando que a vida decidise por eles. Vinte e cinco anos despois, atopamos a Eva de volta en Muros cuidando do seu pai e traballando no supermercado que abriron no mesmo local que ocupaba a sala de festas. Antonio segue en Canarias. Álex acaba de terminar un máster de cinema en Barcelona e viaxa á súa vila natal para facer o seu primeiro documental. Unha película sobre os seus pais, sobre a distancia que as súas vidas abriron entre aquel paraíso e este supermercado, un retrato do desarraigamento vital de toda unha xeración.





BEIRAS. VIVIR 2 VECES

2021

Xénero: Documental

Duración: 70 minutos

Dirección: Pepe Coira, Gaspar Broullón,
Jorge Coira

Guión: Pepe Coira, Fernando Rodríguez
Gómez 'Peñaño', a partir dunha idea orixinal
de Fernando Rodríguez Gómez 'Peñaño'

Cámaras: Jaime Perez, Antonio Grufelol,
Angel Sousa, Clara Coira, Alvaro Liste,
Luis Avilés, Fon Cortizo, Gaspar Broullón,
Adrián Gómez, Zaf

Axudantes de montaxe: Gáspar Broullón,
Chema Montero, Clara Coira, Daniel Coira

Produción: OlloVivo (Gáspar Broullón,
Fernando Rodriguez, Clara Coira)

Político, economista, profesor universitario, activista, músico, tradutor, viaxeiro, fotógrafo, ensaista, conversador... Xosé Manuel Beiras é un e moitos. Beiras mantén íntegra a súa paixón por comprender o mundo, por compartir a súa visión, por contrastala, por pensar o futuro, o presente, o pasado. Por iso, *Beiras. Vivir 2 Veces* non é un filme sobre Beiras, senón un filme con Beiras.

Con el, repasamos a súa traxectoria seguindo dúas pistas: por unha banda os lugares que mellor o identifican, e por outra, as imaxes máis emblemáticas dun percorrido vital de oito décadas. O repaso da experiencia trénzase cunha das actividades predilectas do noso protagonista: a conversación. No documental, Beiras atópase con algunhas das persoas coas que mellor pode falar das cuestións que máis lle atinxen, desde a arte ao territorio, desde a política á casa.

Xoves
21
20.00 h.

RETROSPECTIVA IRMIÁNS COIRA
Salón Actos Xunta de Galicia

CÓDIGO EMPERADOR

2022

Xénero: Thriller. Intriga.

Duración: 101 min.

Dirección: Jorge Coira

Guión: Jorge Guerricaechevarría

Intérpretes: Luis Tosar, Alexandra Masangkay, Georgina Amorós, Laura Domínguez, Miguel Rellán, María Botto, Arón Piper, Denis Gómez

Música: Xavier Font, Elba Fernández

Fotografía: Pablo Rosso

Produción: Vaca Films, The Playtime Group, Sábado Películas, Netflix, RTVE, Televisión de Galicia (TVG)

Juan traballa para os servizos secretos. Co fin de ter acceso ao chalé dunha parella implicada no tráfico de armas, achégase a Wendy, a asistente filipina que vive na casa, e establece con ela unha relación que se irá volviendo cada vez máis complexa. En paralelo, Juan realiza outros traballos «non oficiais» para protexer os intereses das elites máis poderosas do país, que agora puxeron os seus ollos en Anxo González, un político aparentemente anódino cuxos trapos sucios deberá buscar ou «inventar».



2022: Festival de Málaga:
Sección oficial a concurso



DEIXADE QUE O CINE... (1)

Especial infantil en colaboración con ASPNAIS

(Asociación provincial de pais e titores
de persoas con discapacidade intelectual)

(INFANTIL)

■ EL PRINCIPIITO

(pax. 25)

■ UNA AMISTAD PARA SIEMPRE

(pax. 28)



DEIXADE QUE O CINE... (2)

Especial Concepción Arenal

(En colaboración coa Asociación Concepción Arenal
e Institucións Penitenciarias)

CINE GALEGO:

- A RABIA (pax. 110)
- A MALETA DE EVA (pax. 103)
- ALICIA FAI COUSAS (pax. 104)
- NENA (pax. 114)
- ULISES (pax. 121)

CINE ESPAÑOL (primera sesión):

- EL CRÉDITO (pax. 100)
- EL OTRO (pax. 85)
- HÁBITAT (pax. 87)
- POCOS BUENOS Y SEGUROS (pax. 96)
- PAPÁ (pax. 67)

CINE ESPAÑOL (segunda sesión):

- ORILLA (pax. 59)
- EFECTOS SECUNDARIOS (pax. 108)
- LA VIDA ENTRE DOS NOCHES (pax. 67)
- MADRESELVA (pax. 94)

OUTRAS FILMOGRAFÍAS:

- DIÁSPORA (pax. 135)
- HACE MUCHO QUE QUERÍA DECIRTE QUE TE AMO (pax. 88)
- VOLTE FACE (pax. 84)
- STAINS (pax. 84)
- ESTRELLAS DEL DESIERTO (pax. 80)

45 SEMANA DE CINE DE LUGO

		LUNS 18 SETEMBRO	MARTES 19 SETEMBRO	MÉRCORES 20 SETEMBRO	XOVES 21 SETEMBRO	VENRES 22 SETEMBRO	SÁBADO 23 SETEMBRO
AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE	18:00	INFANTIL	INFANTIL	INFANTIL	INFANTIL	INFANTIL	INFANTIL
	20:30		O MELLOR DO ANO	O MELLOR DO ANO	O MELLOR DO ANO	O MELLOR DO ANO	O MELLOR DO ANO
	22.00h.	CURTAS SECC. OF. SECCIÓN OFICIAL	CURTAS SECC. OF. SECCIÓN OFICIAL	CURTAS SECC. OF. SECCIÓN OFICIAL	CURTAS SECC. OF. SECCIÓN OFICIAL	CURTAS SECC. OF. SECCIÓN OFICIAL	CURTAS SECC. OF. SECCIÓN OFICIAL
DEPUTACIÓN PROVINCIAL	18:00	CINE DOCUMENTAL	CINE DOCUMENTAL	CINE DOCUMENTAL	CINE DOCUMENTAL	CINE DOCUMENTAL	
	20:00	HOMENAXES	HOMENAXES	HOMENAXES	HOMENAXES	HOMENAXES	
VELLO CÁRCERE	17:00	AS CURTAS TAMÉN...	AS CURTAS TAMÉN...	AS CURTAS TAMÉN...	AS CURTAS TAMÉN...	AS CURTAS TAMÉN...	AS CURTAS TAMÉN...
	19:00	CINE GALEGO	CINE GALEGO	CINE GALEGO	CINE GALEGO	CINE GALEGO	CINE GALEGO
BIBLIOTECA PROVINCIAL	18:00/20:00		PORTUGAL	PORTUGAL	PORTUGAL	PORTUGAL	
SALÓN DE ACTOS XUNTA	18:00/20:00		RETROSPECTIVA IRMÁNS COIRA	RETROSPECTIVA IRMÁNS COIRA	RETROSPECTIVA IRMÁNS COIRA		



